

A ARTE DA COMEDIA

Eduardo de Filippo

PRÓLOGO

Vai frío. No patio do Goberno Civil, dúas mulleres camiñan de un lado para outro, pisando forte cos pés e encollidas para protexerse do frío. De cando en vez detéñense para mirar ansiosamente cara aos pisos altos do palacio, coa esperanza de que alguén repare nelas e poña fin á súa longa espera.

Ninguén se asoma, nin unha cabeza sequera aparece polas ventás, nin un ser vivente. O único sinal de vida provén da portería, á dereita: a chama do lume dunha estufa que quere e non quere acender, un chispear lento, ata que se apaga do todo, pouco antes da saída a escena do axente de garda.

Oriana e Eleonora Campese, dúas irmáns, tal son os nomes dos personaxes. Oriana, duns corenta e cinco anos; Eleonora, chegando aos corenta. Visten de forma modesta, a roupa raída pero limpa e arraxada. As súas caras aparecen marcadas polas privacións dunha vida difícil; os seus ollos, con todo, son moi doces e aínda cheos de esperanza. Oriana, para matar o tempo, introduce a súa man xeada nun peto do vello gabán, furga e saca del unha miserable bolsa de coiro sintético amarelo, extraendo dela a continuación unha pipa e un pouco tabaco que o frío seco converteu en po. Tras cargar a pipa, empeza a buscar os mistos ata atopar un perdido noutro dos seus petos. Acéndeo rascando contra a sola do zapato. Dous ou tres caladas proporcionanlle a ilusión de poder resistir aínda a espera. Renova o seu camiñar con novas enerxías; ambas se entreteñen contando cada un dos pasos que dan.

ORIANA CAMPESE.- *(Móvese pola sala, cerca do escenario.)* Un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete... *(Detense, xira sobre si mesma e mira o punto de partida.)* ... sete pasos. Algo máis de cinco metros. Calculemos o dobre para medir a metade do patio: dez. Ben, o patio dun pazo antigo coma este sempre é cadrado: vinte por vinte.

ELEONORA CAMPESE.- ¡É un bonito patio! Poderíase facer un teatro discreto. Poderíanse pór catrocentos ou cincocentos asentos... O resto, escenario. Pero tampouco un auténtico escenario; unha tarima sería suficiente.

ORIANA CAMPESE.- Á fin e ao cabo, il capannone non tiña máis que trescentas prazas sentadas E o escenario que era? Seis metros por catro de profundidade. *(Pausa.)* ¡Interpretei o que quixen encima deses poucos metros cadrados! Todo Shakespeare e todo Molière. Dous mil anos de teatro pódense interpretar sobre poucos metros cadrados de táboas. Porque, ¿contan algo os decorados? ¿que decorados tiveron eu? Uns poucos trapos que eu mesmo pinteí, a trece, con catro pinceladas...

ELEONORA CAMPESE.- A torre do castelo, a sala do trono, a selva...

ORIANA CAMPESE.- ¡Todo estaba alí! ¿E o pano? Unha cortina que nunca se podía correr con soltura: enredábanse as cordas, trabábanse as argolas... E o público non dicía nada. «Respectable público, desculpen as molestias» e eu apresurábame a pechar a cortina, vestida de raíña ou de ama de chaves. ¿Que máis dá?

ELEONORA CAMPESE.- Unha noite, o pano tíveno que baixar, vestida de Ofelia.

ORIANA CAMPESE.- O teu sobriño, caracterizado de Romeo, ¿non tivo que cravar a varanda do balcón de Xulieta, que se soltou?

ELEONORA CAMPESE.- «Respectable público, dous minutos de paciencia, se non á pobre Xulieta temos que levala a urxencias».

ORIANA CAMPESE.- Unha gargallada, un aplauso, catro marteladas e o actor renova a escena no punto en que a deixou. Se o consegue, e isto é asunto seu, volve restablecer co público o feito do teatro.

ELEONORA CAMPESE.- Os actores da túa xeración provocabades os danos adrede!...

ORIANA CAMPESE.- Para darlle ao público a sensación do imprevisto. É precisamente o imprevisto o que eleva o teatro a unha forma de arte sublime, singular, única. Calquera esforzo técnico ou financeiro que se poida realizar para facer o máis realista posible unha posta en escena poderá espertar a curiosidade do público, pero sempre o deixará descontento por non poder utilizar a imaxinación. As rúas verdadeiras, as prazas verdadeiras, as árbores, os salóns auténticos, a amplitude dun panorama de montaña, de campo, de mar... todo iso o espectador búscalo no cine... pero no teatro, a fantasía do público, estimulada pola palabra do poeta, crea como quere, seguindo as escenas nas que se desenvolve a acción... Ningún director, aínda que xenial, poderá nunca proporcionar tantas versións figurativas como as que se crean os propios espectadores; cada un pola súa conta e conforme aos seus propios gustos, a súa propia sensibilidade e ata ao estado de ánimo polo que atravesaba naquel momento...

AXENTE DE GARDA.- *(Desde a portería, atarecado de frío, achégase ás mulleres, pegando saltiños e fregando as mans.)* Señorás, non terían vostedes outro misto? É que a leña está húmida: antes de prender, tarda unha chea.

ORIANA CAMPESE.- Acabo de acender o último, non sei se teño outro... *(furga nos petos)* ¡Ah, si, aquí está! *(Entrégallo.)* Pero mire que esta vez é o derradeiro.

AXENTE DE GARDA.- Ben, a ver se hai sorte!

ELEONORA CAMPESE.- ¡Aquí vai un frío que pela!

AXENTE DE GARDA.- Dentro é peor...

Pola esquerda chega unha muller do pobo, Palmira, a dona dunha taberna a dous pasos do Goberno Civil; camiña rapidamente cara á portería. Ao ver ao axente de garda, achégase e detense.

PALMIRA.- Bos días. *(As mulleres fan un sinal de saúdo; Palmira, indicando cara a elas, preguntalle ao Axente de garda.)* Quen son?

AXENTE DE GARDA.- A señoras son irmáns e artistas de teatro; están esperando que a Gobernadora as reciba.

PALMIRA.- Vós, tedes algo que ver cos artistas a quen se lles queimou o capannone?

ORIANA CAMPESE.- Eu son unha desas desgraciadas, mellor dito, son a xefa dos desgraciados artistas... O capannone era da miña familia.

AXENTE DE GARDA.- Xa verá que a Gobernadora vains axudar. Acaba de chegar ao pobo e terá interese en demostrar aos veciños que para unha desgracia como a que lle ocorreu a vostedes a intervención da máxima autoridade do pobo será solícita e válida.

PALMIRA.- Onte á noite a tres artistas do capannone deilles comida. Foron sinceros: ¡dixéronme axiña que non tiñan diñeiro!

ELEONORA CAMPESE.- Pois, si.... Os outros hospedáronse na casa duns montañeses...

PALMIRA.- E vós?

ORIANA CAMPESE.- Eu pertenzo a esa xeración de cómicos que, desde hai séculos, conseguen dominar a fame tragando cuspe...

PALMIRA.- Vide á miña casa despois, un prato de sopa quente dóuvolo eu.

AXENTE DE GARDA.- Guisa ben, saben vostedes? *(Dirixíndose á muller.)* Os pratos de onte á noite prepareinos eu, e tamén os lavei: pratos, vasos e garfos, fregueino todo. Veña. *(Empeza andar.)*

PALMIRA.- *(Seguindo ao Axente de garda.)* A próxima vez non o fagas, que teño lavapratos. *(Ás mulleres.)* Entón, espérovos ¿eh?

ORIANA CAMPESE.- Se a nova Gobernadora non nos bota á rúa...

AXENTE DE GARDA.- *(En ton de broma.)* Entón a dirección da taberna daréivola eu. *(Sae seguido de Palmira que refunfuña entre dentes.)*

As cómicas, volven quedar soas. ORIANA CAMPESE dá uns pasos golpeando o chan cos pés, logo párase, engurra a fronte, concentrándose nun pensamento. Coma se estivese diante dun personaxe importante; asume unha postura respectuosa.

ORIANA CAMPESE.- «Excelencia»...

ELEONORA CAMPESE.- ...Pois non, non podes dicirlle Excelencia, podería tomalo a mal. O tratamento de Excelencia foi abolido. Poderías dicir: «Señora Gobernadora...» Non, é mellor «doutora...» é un título máis xenérico... E ademais, en verdade, a todo o mundo lle gusta que lle chamen «doutor».

ORIANA CAMPESE.- Pero... a alguén que ata hai pouco tiña dereito ao tratamento de Excelencia... renunciar a iso seralle difícil. Eu chamareille: «Excelencia». *(Asume a clásica postura de quen vai empezar un importante discurso.)* «Excelencia, hoxe, día 12 de decembro de 1964, é unha data memorable para nós: o director da compañía, os actores, as actrices, os autores, a xente de teatro atopámonos aquí, sobre estas gloriosas, táboas... Ante vostede, Excelencia, nós pobres cómicos do Campanone, atopámonos perdidos»...

ELEONORA CAMPESE.- Pero, imos ver, ¿por que deberíamos ser tan humildes diante dunha autoridade cando o seu deber é o de escoitar ao pobo e, no posible, emendar as súas necesidades...? ¡E ti e mais eu somos parte do pobo! Non, non, non, non: ¡estamos nunha democracia!

ORIANA CAMPESE.- Entón: ¡«Amigo»!? Outra vez: «Ao dirixirme a vostede, señora Gobernadora, embargoume un sentimento de confianza, porque pensei que non hai mal que por ben non veña: de non ter a desgracia do incendio do Capannone, nunca me atrevería a presentarme perante vostede, para dicirlle «¡Bóteme unha man!» A súa man poderame ser de axuda momentánea e a miña, en cambio, poderá facela a vostede participe de certas verdades que xamais, de non ser por esta desgraza, puideran chegar ata vostede!

ELEONORA CAMPESE.- Nós berramos e voceamos, afanámonos para denunciar certas miserias humanas, pero nos diriximos só ao pobo baixo que se entusiasma, que aplaude, pero que logo, ten que regresar á súa casa e atoparse novamente só, fronte aos mesmos problemas que día tras día se repiten puntualmente e puntualmente quedan sen solución».

Desde a portería, seguido de Palmira, chega o axente de garda que, facendo alusión ao lume que o volveu tolo ao non acender, moi feliz diríxese ás cómicas.

AXENTE DE GARDA.- Por fin prendeu! *(En efecto, desde a portería, os reflexos dunhas alegres chamuscas, alárganse sobre o empedrado do patio.)* Vostedes botáronme unha man...

PALMIRA.- *(Leva pratos, cubertos e vasos envoltos nun pano, e unha botella baleira na man esquerda; dirixíndose ás cómicas, para animalas a aceptar a súa xenerosa invitación de antes.)* Entón, espérovos?

ORIANA CAMPESE.- Non podemos deixar sos ao meu fillo e á miña nora...

PALMIRA.- ¡Pois tráenos, ao teu fillo e á túa nora! Un prato de sopa quente, unha tortilla e unha frasca de viño... Tráeos tamén.

ORIANA e ELEANORA CAMPESE.- Grazas.

PALMIRA.- Hoxe vai máis frío que onte... *(Vaise cara á saída.)*

AXENTE DE GARDA.- *(Ás cómicas.)* Entren, agora. Antes de que a señora Gobernadora se decida a recibilas, pasará un tempo. O lume predeu ben... custoume o meu tempo e o meu traballo, pero... *(Encamiñase, seguido das cómicas.)*

Mentres, iluminados polos reflexos do lume, e cando están a piques de entrar na portería, baixa a luz ata case o escuro para iluminarse inmediatamente de novo, dando comezo á primeira parte.

PRIMEIRA PARTE

Estamos no palacio do Goberno Civil dunha cidade de provincias calquera. A inmensa habitación que vemos é un dos vetustos salóns de representación da antiga vivenda. A decoración constitúena suntuosos mobles de diferentes estilos, en moi mal estado de conservación. Unha mesa con butacas e cadeiras, forman o recuncho onde a Gobernadora Gladis De Caro senta nas horas en que ten que desempeñar a súa actividade. Encima da mesa obxectos de escritorio, teléfono e unha chea de expedientes.

GLADIS DE CARO.- *(Desde o interior, chamando.)* ¡Señora secretaria, señora secretaria! *(A voz atenuada da Gobernadora De Caro revela a amplitude, a desolación, e a soidade dos salóns.)* ¡Señora secretaria! ¿Pero onde está vostede? ¿Pode saberse que é o que está facendo? *(Entra mirando ao redor coma se buscasse a alguén. De Caro é unha muller maciza, louzá, duns cincuenta anos, ten os ollos de soño e o pelo en desorde. Leva unha bata semiabrochada encima dun camisón. Boquexa, estarrícase e avanza con preguiza. Chama outra vez, agora con ton de irritación.)* ¡Filomena! ¡Filomena!

FILOMENA.- *(Acudindo.)* ¡Estou aquí! *(Filomena é a secretaria da Gobernadora Civil.)*

GLADIS DE CARO.- Levo media hora chamando.

FILOMENA.- Pensaba que a súa Excelencia estaba aínda descansando... ¿durmiu ben?

GLADIS DE CARO.- ¡Deus! Non peguei ollo en toda a noite.

FILOMENA.- Tamén eu durmín mal, Excelencia.

GLADIS DE CARO.- Cando se cambia de cama é un desastre. Apeteceríame tomar un café con leite. ¿Pode ir o axente de garda?

FILOMENA.- Xa está feito. Pronto estará aquí co café con leite e as galletas.

GLADIS DE CARO.- ¿Periódicos?

FILOMENA.- Houbo un corte na liña férrea, antes da tarde non chegará nada ata aquí.

GLADIS DE CARO.- ¿O accidente foi grave?

FILOMENA.- Temo que si. O sinistro debe ser grave porque dúas horas despois da nosa chegada, cando a súa Excelencia se foi á cama, chamou o Brigada do Cuartel pedindo reforzos. Non puido precisarme o número de feridos, pero parece que houbo ata algún morto. Desprazáronse alí os bombeiros, e os axentes que prestaban servizo no Goberno Civil e uns vinte veciños que se ofreceron voluntarios.

GLADIS DE CARO.- ¿Quedámonos cun só axente, o de garda?

FILOMENA.- E dous máis. A un mandeino de servizo á praza, ao outro, máis vello e moi experto no do despacho, manterémolo aquí a nosa disposición.

GLADIS DE CARO.- Paréceme pouco prudente deixar o Goberno Civil con só dous axentes.

FILOMENA.- Ao teléfono o Brigada parecía tolo: «Necesitamos reforzos... ¡Brazos! ¡Brazos! Envíenme a todos os homes que poidan». Non me pareceu oportuno molestala a vostede para que dese disposicións, porque a vin cansada da viaxe e tamén porque non había outras solucións para o caso.

GLADIS DE CARO.- Desde logo.

FILOMENA.- Non se preocupe. Excelencia, este é un pobo tranquilo. Os veciños están todos distraídos polo accidente ferroviario e durante un par de meses non se falará doutra cousa.

GLADIS DE CARO.- Penso que debería desprazarme ao lugar do accidente.

FILOMENA.- Terá tempo para decidir. Máis adiante teremos noticias detalladas.

GLADIS DE CARO.- É unha lata.

GARDA.- *(Desde o interior.)* ¿Pódese? *(Leva unha bandexa con café e galletas.)*

FILOMENA.- Adiante. *(O garda entra.)* Déixao sobre a mesa. *(O garda deixa o almorzo sobre a mesa-escritorio.)* E ti, ¿como te chamas?

GARDA.- Armando Veronesi, ás súas ordes.

FILOMENA.- Querido Veronesi, tes que ser máis rápido. Tardaches media hora en traer un café con leite.

Mentres tanto a Gobernadora De Caro sentouse na mesa para almorzar.

GARDA.- O meu compañeiro díxome que fose ao bar, ao virar a esquina, sen dicirme se á dereita ou á esquerda. Fun ao da dereita e dei a volta a toda a mazá porque era o da esquerda.

FILOMENA.- Ah!, ¿ti non o sabías?

GARDA.- Hai só tres días que estou no pobo.

FILOMENA.- Ah, claro. Alistácheste hai pouco.

GARDA.- Si señora, fai cincuenta e sete días.

FILOMENA.- Ti tampouco es de aquí, ¿non?

GARDA.- Son do norte.

FILOMENA.- Se queres o traslado terás que traballar duro antes.

GARDA.- Si señora.

FILOMENA.- Agora podes irte. Cando a súa Excelencia te necesite, chamarate.

GARDA.- O meu compañeiro rogoume que lle dixese á súa Excelencia que para chamar á portería hai que apertar o botonciño vermello do aparello.

FILOMENA.- *(Achegando o índice ao botonciño vermello do aparello.)* ¿Este?

GARDA.- Si señora, pero non quereda equivocarme.

FILOMENA.- Se che dixo o vermello..., ¡será o vermello!

GARDA.- Si señora.

FILOMENA.- Entón podes irte, vaite.

GARDA.- *(Póndose firme.)* Excelencia. *(Sae.)*

FILOMENA.- Excelencia, esta mañá dei unha volta pola vivenda para facerme unha idea das dimensións e da disposición das habitacións. Como previramos non hai cuarto de baño e hai moitos retretes que non teñen auga corrente...

GLADIS DE CARO.- Preto da miña habitación, onde durmín, hai unha ducha; vina.

FILOMENA.- Só auga fría. Fíxoa instalar o Gobernador que se marchou, pagando do seu peto. Por iso levou o quentador. Faremos pór outro pola nosa conta.

GLADIS DE CARO.- Tamén para vostede.

FILOMENA.- Grazas, si.

GLADIS DE CARO.- *(Levántase.)* Estou moída... *(Quita a bata, sae pola dereita, sen deixar de falar.)* Unha cama imposible, os colchóns son duros como pedras. Non comprendo como puido adaptarse o colega que me precedeu.

FILOMENA.- *(Á vez que escoita e que fala segue facendo cousas: arranxa o escritorio, ordena os papeis, bota leña na estufa.)* Fíxo o imposible para ser trasladado; quedou aquí só tres meses. En efecto deixou moitos expedientes sen examinar e moitos só os empezou.

GLADIS DE CARO.- *(Desde o interior.)* ¡Vaia herdanza! Pero aínda que a estancia sexa curta, ¡ceo santo! unha intenta instalarse da mellor forma posible. Mobles cheos de po, os caixóns que non se abren... conseguín abrir un, pero ferínome nun dedo. Partín unha uña. A roupa deixei na maleta.

FILOMENA.- Fareime cargo de todo e tomarei as medidas oportunas.

GLADIS DE CARO.- *(Reaparece: está completamente vestida, leva unha chaqueta na man e Filomena axúdalle a poñela.)* Sorte que a miña nai quedará un par de semanas máis no balneario.

FILOMENA.- Quince días serán suficientes para que atope unha residencia digna. viu os salóns?

GLADIS DE CARO.- Non vin nada.

FILOMENA.- Ademais do comedor, hai tres, pero son enormes, cuns teitos barrocos; suntuosas arañas de bronce e cristal, consolas con espellos enormes, tapicerías de brocado. Todo bastante pasado pero aínda soportable. Se se pon ao redor unha iluminación con velas, deixando no centro a eléctrica das lámpadas...

GLADIS DE CARO.- ¿Cando?

FILOMENA.- Cando A súa Excelencia queira dignarse en recibir ás personalidades do pobo.

GLADIS DE CARO.- Pero déixese de bobadas cos seus refinamentos da iluminación con velas...

FILOMENA.- Non diga iso Excelencia, trátase de familias adifeiradas: industriais, comerciantes, artesáns... toda xente potente que non vive mal. Non é un centro grande, de acordo; pero segue sendo unha capital.

GLADIS DE CARO.- ¿O meu colega deixou un memorial?

FILOMENA.- Si, Excelencia, un memorial moi detallado. Os expedientes son moitos, e ademais peticións de postos de traballo, solicitudes de licenzas, subsidios, suplicatorios, denuncias. Fareille un informe cos casos máis urxentes de resolver. Polo momento puxen sobre a mesa... *(Buscando encima do escritorio.)* ¿Onde está? ¡Ah, velo aquí! *(Colle un papel e ensínallo á Gobernadora De Caro)* É a lista das personalidades a quen deberá recibir.

GLADIS DE CARO.- ¿Hoxe mesmo?

FILOMENA.- Pero non debe recibilos a todos. Desta lista entresaquei uns cantos nomes de persoas coas cales é necesario tomar contacto xa, fixen unha lista aparte... *(Segue buscando encima da mesa.)* Aquí está. *(Colle outra folla e dálla.)*

GLADIS DE CARO.- *(Lendo.)* «Padre Salvati» .

FILOMENA.- É o párroco da igrexa de San Donato, que está xusto enfronte. foi un dos primeiros en solicitar que se lle reciba. Pensei que non era conveniente contrarialo cun adiamento.

GLADIS DE CARO.- Claro, desde logo. (*Lendo.*) «Quinto Bassetti». ¿Quen é?

FILOMENA.- O médico municipal de Aceto. Sei moi pouco, ou nada, del.

GLADIS DE CARO.- ¿A que partido está afiliado?

FILOMENA.- Creo que a ningún. Dixéronme que é un libre pensador. Vive moi apartado. Incluíno na lista de hoxe porque creo que a un médico é mellor telo como amigo.

GLADIS DE CARO.- Si, claro. (*Segue lendo.*) «Lucía Petrella»...

FILOMENA.-É unha mestra. Dá clases nunha escola, na montaña.

GLADIS DE CARO.- Máis queixas, máis melloras, máis peticións de fondos.

FILOMENA.- Quererá desafofarse. Convén recibila; logo, está o titular da «Farmacia Pica», o boticario Girolamo Pica.

GLADIS DE CARO.- ¿Que quere saber de nós o farmacéutico?

FILOMENA.- Non o sei Excelencia, pero quizais nós saibamos algo del.

GARDA.- (*Desde o interior.*) ¿Pódese?

FILOMENA.- Pasa, pasa.

GARDA.- (*Entrando.*) Aí fóra están a muller que falou con vostede hai media hora e a súa irmá. (*Colle a bandexa coa cunca sucia.*)

FILOMENA.- ¿Xa volveu?

GARDA.- Non, é que non se foron. Logo de falar con vostede, sentaron na portería e entretivéronse charlando comigo e co meu compañeiro.

FILOMENA.- Así que vós os dous estades na portería para charlar coa xente.

GARDA.- Non Señora, pero ela dixo que vostede lles deu permiso.

FILOMENA.- ¡Que mentira! Díxenlle que estas non son horas e que a recibiría eu pola tarde porque a súa Excelencia non ten tempo.

GLADIS DE CARO.- ¿Quen é?

FILOMENA.- Unha pobre muller e a súa irmá... Paseaban polo patio.

GARDA.- Viñeron ao amencer.

FILOMENA.- Tremían de frío. Pregunteilles: «Que fan vostedes aí, que queren?» «Quería falar coa súa Excelencia». «A estas horas?» digo. «Esperarei, esperarei» contestou ela. «De que se trata?» pregunteille. «De cousas importantes». (*Dirixíndose á Gobernadora De Caro.*) Todo o mundo di o mesmo. Entón díxenlle que volvesen pola tarde. (*Logo ao garda.*) ¿Porque non as puxeches na rúa?

GARDA.- É que na portería hai unha estufa de leña... Vímolas cheas de frío...

GLADIS DE CARO.- ¿Quen son?

GARDA.- Son moi simpáticas.

GLADIS DE CARO.- ¿Non dixen como son, preguntei quen son?

GARDA.- Son artistas de teatro...

FILOMENA.- A muller di que é a directora dunha compañía de cómicos. Acompañaa a súa irmá, que tamén é actriz... Unha familia de cómicos...

GARDA.- Traballan no Teatro Municipal. Invitáronnos ao meu compañeiro, e a min... pero non estamos libres. Fan un espectáculo divertido, emocionante... a historia dun príncipe que se chama Hamlet, porque está sempre indeciso...

FILOMENA.- Dilles que volvan esta tarde, como acordáramos.

GLADIS DE CARO.- Non, non; a xente do teatro é sempre orixinal, extravagante, algo tolos, pero boa xente... fanche perder tempo pero ganas un pouco de bo humor. *(Dirixíndose ao garda.)* ¿Onde están?

GARDA.- Están aí fóra, Excelencia. Subiron comigo cando vin recoller a bandexa.

GLADIS DE CARO.- Dilles que entren.

GARDA.- En seguida. *(Sae.)*

FILOMENA.- Xa verá Excelencia, pedirá un subsidio. Trátase dun pequeno grupo de cómicos, e elas parecéronme bastante fementas.

GLADIS DE CARO.- Se a petición é razoable, ¿por que non...?

GARDA.- *(Facendo pasar a Oriana e Eleanora Campese.)* Pasen.

ORIANA CAMPESE.- *(Entrando.)* Grazas. *(Con moita dignidade dá uns pasos, logo párase e espera. Eleonora ao seu lado fai o mesmo.)*

FILOMENA.- *(Dirixíndose ás cómicas.)* A súa Excelencia está de bo humor e tivo a amabilidade de recibilas.

ORIANA CAMPESE.- Moi amable.

FILOMENA.- Pero non dispón de moito tempo, así que déase présa.

ORIANA CAMPESE.- Descoide, non quero abusar.

GLADIS DE CARO.- Achéguese, senten e díganme de que se trata. *(Dirixíndose ao garda.)* Unhas cadeiras para a Señora e... a súa irmá, certo?

ORIANA CAMPESE.- Así é. Ela é a miña irmá e compañeira nas táboas.

O garda coloca unhas cadeiras xunto ao escritorio, diante da súa Excelencia a Gobernadora.

ORIANA e ELEONORA CAMPESE.- Grazas, moi amable. *(sentan.)*

GLADIS DE CARO.- ¿Vostede é a directora dunha compañía de teatro?

ORIANA CAMPESE.- Unha compañía non, o grupo está integrado por oito persoas.

GLADIS DE CARO.- Un grupo reducido.

ORIANA CAMPESE.- Reducidísimo, Excelencia.

GLADIS DE CARO.- ¿Están actuando no Teatro Municipal?

ELEONORA CAMPESE.- Si, Excelencia, no Cimarosa. O Señor Gobernador Civil, o que estaba antes que vostede, foi moi xeneroso concedéndonos o teatro para facer funcións. Había pouco que ocorrera a desgracia.

GLADIS DE CARO.- ¿Que desgracia?

ORIANA CAMPESE.- O incendio, Excelencia. A miña irmá, o meu fillo, a miña nora e eu tiñamos un teatro ambulante, unha vella barraca, de trescentos asentos. O público chamábo o «Campannone»: cadeiras, bancos, escenarios, attrezzo... todo destruído en menos de vinte minutos.

GLADIS DE CARO.- Non me diga... ¿e como ocorreu?

ORIANA CAMPESE.- Acababa de finalizar o espectáculo, o público foise, estabamos quitándonos a maquillaxe... A miña filla díxome: «Mamá, non cheiras a queimado?» Non tivemos tempo de darnos conta. As chamus propagáronse polo patio de butacas... conseguimos salvar o vestiario, algo do attrezzo e a caixa dos postizos: perrucas, barbas, bigotes...

GLADIS DE CARO.- ¿E os escenarios?

ELEONORA CAMPESE.- ¡Todo destruído!

GLADIS DE CARO.- ¡Que magoa!

ORIANA CAMPESE.- En vinte minutos vímonos obrigados a pedir.

GLADIS DE CARO.- ¡Ceo santo! ¿Estaban asegurados?

ORIANA CAMPESE.- Si, pero a póliza caducara había uns sete meses. Pensabamos renovala; Fosca, a miña nora, dicíamo continuamente... por sorte que non o fixemos.

GLADIS DE CARO.- ¿Como que «por sorte»?

ORIANA CAMPESE.- Somos pobre xente... ¿Quen nos salvou da sospeita? O Brigada do Cuartel, cando se presentou, preguntoume en seguida: «¿Están vostedes asegurados, verdade...?» Os transeúntes mirábannos con hostilidade; xa se estaba murmurando que de existir unha póliza en vigor, a ver como nolas arranaxiamos coa lei.

ELEONORA CAMPESE.- Tivemos as simpatías de todo o mundo só cando se soubo que a póliza caducara.

GLADIS DE CARO.- Non coñezo o Teatro Municipal, pero dinme que é moi bonito. ¿O Cimarosa, verdade?

ORIANA CAMPESE.- Si, o Cimarosa.

GLADIS DE CARO.- ¿A xente acode?

ORIANA CAMPESE.- Onte á noite non puidemos actuar por falta de público.

GLADIS DE CARO.- A crise do teatro é espantosa por todas as partes. ¿Cal é o repertorio?

ELEONORA CAMPESE.- «O anel máxico», «Lisístrata», «Hamlet», este é inevitable. «Tres sombreiros de copa», «Romeo e Xulieta» ...

GLADIS DE CARO.- O de sempre...

ORIANA CAMPESE.- É que o meu grupo traballa para un público limitado: xornaleiros, campesiños, empregadas de fogar, tendeiros, mariñeiros... O pobo ama este repertorio. O «Campannone» estaba sempre cheo. A dez os asentos e cinco de pé.

GLADIS DE CARO.- No Teatro Municipal subiriades os prezos.

ELEONORA CAMPESE.- Non, Excelencia, son os mesmos prezos. Pero ao noso público dálle vergoña entrar nos teatros dos ricos.

ORIANA CAMPESE.- E os ricos quedan na casa porque non queren o de sempre e os teatros, entón, quedan baleiros.

GLADIS DE CARO.- Querida... *(Quere saber os seus nomes; dase conta de que aínda non se presentaron.)*

ORIANA CAMPESE.- Campese, Oriana Campese, e a miña irmá chámase Eleonora.

GLADIS DE CARO.- Queridas Oriana e Eleonora Campese, eu estas polémicas sobre a crise do teatro sígoas... Toda a prensa fala diso... Na miña opinión, a razón é outra. Tras a subversión dos valores morais producidos pola guerra, o único que perdura e aumenta é a desorientación do público.

Xa non existe un auténtico escritor de teatro. “O problema central”, “a mensaxe”, “a denuncia”... Que ten que ver todo isto cun espectáculo teatral?

FILOMENA.- O espectador acode ao teatro para divertirse.

GLADIS DE CARO.- É lóxico que a xente non vaia ao teatro. Eu mesma renunciei a ir. Cando teño media hora de tempo, póño-me diante da televisión. Xa non hai quen escriba para o teatro. ¿Non é así?

ORIANA CAMPESE.- Desde certo punto de vista, si. (*Mira á súa irmá*)

GLADIS DE CARO.- ¿Non están de acordo?

ELEONORA CAMPESE.- A nosa visión do teatro é máis simple.

ORIANA CAMPESE.- Si, o meu razoamento sería demasiado longo e non quero facerlle perder tempo.

GLADIS DE CARO.- Non, non. As súas palabras interésanme... ¿Queren tomar un café con leite?

ELEONORA CAMPESE.- (*Asinte.*) Moi amable...

ORIANA CAMPESE.-Grazas, eu non.

GLADIS DE CARO.- ¿Un café só tal vez?

ORIANA CAMPESE.- Un só si, con moito gusto.

GLADIS DE CARO.- (*Dirixíndose ao garda.*) Oe, ti...

GARDA.- Mande.

GLADIS DE CARO.- Trae un café con leite e un café só para as cómicas. (*O garda encamiñase.*) Espera. (*Dirixíndose ás Campese.*) ¿Queren tamén uns biscoitos?

ORIANA CAMPESE.- Entón é mellor un café con leite.

GLADIS DE CARO.- (*Ao garda.*) Trae dous cafés con leite e biscoitos.

GARDA.- Agora mesmo. (*Sae.*)

FILOMENA.- Se non me necesita, Excelencia, vou botar unha mirada aos expedientes.

GLADIS DE CARO.- Vaia, vaia.

FILOMENA.- Estou na habitación do lado. Co seu permiso. (*Sae.*)

GLADIS DE CARO.- (*Compracida.*) ¿Saben vostedes que cando eu era máis nova facía teatro?...

ELEONORA CAMPESE.- ¡Que ben!

GLADIS DE CARO.- Como afeccionada, desde logo. Os amigos dicían-me que facía moi ben os papeis dramáticos. Pero logo..., o meu avó xefe de policía, o meu pai gobernador... Adeus ao teatro!

ORIANA CAMPESE.- Mellor así, Excelencia. A carreira dun actor é sempre aleatoria.

ELEONORA CAMPESE.- E difícil... O actor é un auténtico «marxinado» que afronta a precariedade do seu traballo e a quen a sociedade aínda considera ás veces un inmoral.

GLADIS DE CARO.- Iso era antes! Pero, ¿que me di de hoxe? Os actores gañan o que queren. Espectáculos subvencionados, premios, axudas... O Estado garantiu en gran medida a dignidade do actor.

ORIANA CAMPESE.- Desde un certo punto de vista, si.

GLADIS DE CARO.- Entendo que os puntos de vista poden ser moitos, pero, sería tan amable de dicirme, ¿Cal é o seu?

ORIANA CAMPESE.- O meu non conta nada. Eu son filla da arte, Excelencia, e estou á cabeza dun grupo de cómicos, descendentes de cómicos... Mire, Excelencia, tanto o problema dos escritores de teatro como o dos actores, tócame só relativamente.

GLADIS DE CARO.- Pois anímese, como as súas consideracións son imparciais, dígame o seu punto de vista.

ORIANA CAMPESE.- Trátase dun argumento complicado... Non me faga falar...

ELEONORA CAMPESE.- ¿E por que non? Fala libremente. Dille que o Estado non se preocupa bastante dos actores e que hai escritores capaces de crear obras válidas e de interese colectivo.

GLADIS DE CARO.- ¿Vostede opina iso?

ORIANA CAMPESE.- Non, Excelencia, non lle faga caso, é broma: eu non diría iso. Pero penso que o teatro estase debatendo nun clima de absoluta confusión que logo, non sabemos se en boa ou mala fe, interprétase coma “crise teatral”.

GLADIS DE CARO.- ¿Por que «boa ou mala fe»? ¿Quen tería interese en pór o teatro en crise? O teatro en crise non é rendible para ninguén.

ORIANA CAMPESE.- (*Agresiva e cortante.*) Pero a confusión, si.

ELEONORA CAMPESE.- Como ve, Excelencia, a miña irmá encerra no seu corpo un animalíño inqueda.

ORIANA CAMPESE.- (*Divertida, rifa á súa irmá.*) Eleonora...

ELEONORA CAMPESE.- Si, Excelencia, a miña irmá Oriana non se dá conta de que por un ollo, unha orella, ou unha venta do nariz, sempre asoma o morro do animal. Declárase allea ao grave problema do teatro, pero deixa que se lle escape a frecha envelenada da «confusión». (*Diríxese a Oriana.*) Fálalle claro, dille cal é o tipo de «confusión» ao que aludes!

ORIANA CAMPESE.- (*Con preocupación reprende á súa irmá.*) ¡Estaste pasando Eleonora! (*Diríxese á Gobernadora.*) Mire Excelencia, unha auténtica crise do teatro non beneficiaría a ninguén, mentres que a «confusión», se se fai pasar por crise do teatro, rende beneficios en mans dos confusionarios.

GLADIS DE CARO.- (*En ton de broma.*) ¡Veña, diga os nomes! ¡Denuncie os datos completos destes desalmados!

ORIANA CAMPESE.- (*Non entra na broma e continúa a argumentación controlando o alcance das súas palabras.*) ¡Coma se fose fácil! Os desalmados sempre teñen a maioría absoluta, son os que gañan.

GARDA.- (*Desde o interior.*) ¿Pódese?

GLADIS DE CARO.- Adiante.

GARDA.- (*Entrando.*) Traio o que pediu: dous cafés con leite e uns biscoitos. (*Trae o café con leite e os biscoitos.*)

GLADIS DE CARO.- Déixao aquí. (*Indicando o sitio diante das irmás Campese.*)

ELEONORA CAMPESE.- Grazas, Excelencia, apetecíame moito comer algo quente; así se alegrará tamén o «animalíño» que leva dentro Oriana.

GLADIS DE CARO.- Xa. (*Dirixíndose ao garda.*) Podes marchar. (*O garda sae.*)

ELEONORA CAMPESE.- (*Mentres molla anacos de biscoito no café con leite e come.*) Se me permite, creo que a miña irmá intenta dicirlle que o Goberno fai todo o posible para levantar o teatro, pero os homes que teñen a responsabilidade de facelo, nunca se enfrontaron a el ata as súas raíces... E as cousas feitas a medias xamais deron bos resultados.

GLADIS DE CARO.- Esa é unha “acusación” que hai que xustificar... ¿Poden ser máis claras?

ORIANA CAMPESE.- Excelencia, cando ao andar necesito golpear dúas ou tres veces co pé no chan porque algo se me pegou ao zapato, sempre me chama a atención o feito de que aqueles golpes non producen o mesmo ruído que cando golpeo as táboas dun escenario; e ao tocar cunha man o muro dun palacio, un enreixado de ferro, unha estatua de mármore, sempre o fago coa máxima delicadeza... e coa sensación de sentir baixo os meus dedos a superficie do papel ou do lenzo pintado.

GLADIS DE CARO.- ¿E que quere dicir con iso?

ORIANA CAMPESE.- Verá,...mentres o noso pai, sobre catro táboas improvisadas facía que as súas tripas se retorceran de dor, para dar ao público a sensación realista dunha morte por asunción de arsénico, entre os bastidores, a nosa nai, deitada no trono de Hamlet e axudada por unhas compañeiras, estíbese retorcendo nas últimas dores do parto. O aplauso enorme do público compensou aquela noite os dous éxitos do meu pai: o de facer morrer moi ben ao seu personaxe e o de verme feito nacer a min.

GLADIS DE CARO.- Non se podería ser máis filla da arte...

ORIANA CAMPESE.- Sobre as táboas, e do mesmo xeito que lle pasaría anos despois á miña irmá, eu empecei a dar os primeiros pasos e a balbucir as primeiras palabras, chapurreando os nomes dos protagonistas das traxedias que os meus pais representaban; empecei a enfrontarme cos primeiros papeliños, logo o primeiro papel importante, e a fraguar finalmente as primeiras dúbidas acerca do que sería o meu futuro..

GLADIS DE CARO.- Ao empezar unha carreira todo o mundo atravesa polo mesmo estado de ánimo.

ORIANA CAMPESE.- Cando tiña dezasete ou dezaioito anos interpretaba xa o papel de Xulieta. O público agradecíamo con interminables aplausos., e eu díciame: «¡Son actriz, serei actriz!»... Pero, Excelencia, a muller que é a actriz, ¿desempeña ou non unha actividade útil?

GLADIS DE CARO.- ¡Que idea!

ORIANA CAMPESE.- Unha idea, Excelencia, que enlazaba cun feito singular que me sucedeu a min cando tiña seis anos, cando naceu a miña irmá Eleonora.

GLADIS DE CARO.- Interesante.

ORIANA CAMPESE.- O noso avó, ...

ELEONORA CAMPESE.- *(Curta para aclarar e impaciente por participar.)* O noso avó materno, que tamén era actor...

ORIANA CAMPESE.- Non me interrompas Eleonora... O caso é que o noso avó materno, comprou unha cartilla para ensinarme a ler. Como Vostede pode comprender, Excelencia, ao desprazarnos continuamente co «Campanone» dun pobo a outro, o noso pai nunca puido conseguir que asistísemos a unha escola. Así que, cartilla en man: “a”, “e”, “i”, “o”, “u”... Empecei a ler. Pero unha páxina dese libro deixoume moi contrariada.

GLADIS DE CARO.- ¿Cal?

ORIANA CAMPESE.- A que empeza inculcando nas mentes dos nenos o respecto cara aos homes que coa súa actividade serven ao seu país. Na páxina, na parte de arriba, lese: «Artes e oficios». O médico está, o avogado está, o enxeñeiro está, o maxistrado está, o profesor está; está tamén o xastre, o carpinteiro, o ferreiro, o mariñeiro..., pero o actor non está.

GLADIS DE CARO.- *(Divertida.)* ¿Esta foi a constatación que a contrariou?...

ORIANA CAMPESE.- Xa o creo, Excelencia. Empecei a preguntarme cal era o oficio ou a profesión do meu avó, da miña nai, do meu pai. Unha tarde o meu pai preguntoume: «¿Queres ser actriz, cando sexas maior?». Contestei: «Non». «¿E por que?». «Porque non vou aparecer na cartilla».

GLADIS DE CARO.- Así que vostede está ofendida porque non atopa a figura da actriz na cartilla escolar.

ORIANA CAMPESE.- Non. Ofendida non. Pero si excluída.

ELEONORA CAMPESE.- Hoxe pasa igual, Excelencia. Este punto non cambiou.

GLADIS DE CARO.- Non é verdade. Os actores e as actrices non son uns excluídos. A sociedade recoñeceu a súa función moral e a súa dignidade profesional. E foi o Estado quen promoveu este cambio de valoración. Aí está a Academia da Arte dramática.

ELEONORA CAMPESE.- Pois si..., os alumnos e alumnas, logo duns anos de estudos, deixan a institución cun diploma no peto.

GLADIS DE CARO.- Cando vostedes eran novas, a Academia non existía.

ELEONORA CAMPESE.- Pero non hai teatros nin empresas ás que dirixirse. O diploma que a Academia o único que fai é aumentar ano tras ano a cuadrilla dos «marxinados».

GLADIS DE CARO.- ¡Pero que di! Vostede sabe moi ben que da Academia da Arte Dramática saíron excelentes actores e actrices magníficas.

ORIANA CAMPESE.- Si, Excelencia, pero, sen lugar a dúbida, a súa Excelencia sábeo, na inmediata posguerra, discutiuse e aprobouse no Parlamento e no Senado unha lei a favor da reconstrución do país: fondos, axudas, facilidades bancarias... a construción progresou enormemente. Pero, que curioso, naquela lei non se incluían os teatros, porque evidentemente os teatros non se consideraron de utilidade pública.

GLADIS DE CARO.- ¿Pero pécelle a vostede que un país recentemente saído dos horrores da guerra vai pensar na reconstrución dos teatros?

ORIANA CAMPESE.- Desde logo que non, pero a lei aínda non se modificou. Entón, ¿o teatro é de interese nacional ou non? Sen dúbida debe selo; os Gobernos non estarían tan tolos como para subvencionar unha cousa inútil...

ELEONORA CAMPESE.- E se non o é, Excelencia, debemos considerar inútiles aos actores, aos directores, aos escritores, a Academia, a Dirección Xeral de Teatro e a todo o que a rodea.

GLADIS DE CARO.- *(Logo dunha breve pausa e cun chisco de ironía.)* Se a vostedes, por exemplo, as nomeasen Directoras Xerais de Teatro...

ELEONORA CAMPESE.- ¿Que poderíamos facer, Excelencia? A vontade dunha Directora Xeral nunca é determinante.

GLADIS DE CARO.- ¿Que unha de vostedes fose Ministra, entón? Nomeada Ministra, vostede propondría ao Parlamento a inclusión na cartilla da figura do actor...

ELEONORA CAMPESE.- *(Mira a súa irmá Oriana e sorri.)* Si.

ORIANA CAMPESE.- *(Intercambia de novo miradas coa irmá. Ambas sorrín.)* Si.

GLADIS DE CARO.- ... a inclusión da construción de teatros na lei de reconstrución nacional.

ORIANA CAMPESE.- Non, Excelencia. Esta última proposición non debería realizarse.

(Estrañeza en Eleonora e a Gobernadora.)

ELEONORA CAMPESE.- ¿Por que?

ORIANA CAMPESE.- Nunca se sabe... Supoñamos que a lei se aproba, unha mañá espertámonos e en lugar dos edificios civís atopámonos moitos teatros.

GLADIS DE CARO.- (*Bastante severa.*) Os seus xogos de palabras ponme nerviosa. (*Tras unha breve pausa, volve ao tema de antes.*) ¿Vostedes pretenden resolver a crise do teatro coa páxina da cartilla escolar? O teatro é fascinante xustamente pola posibilidade que ten de ofrecer ao actor unha vida desenfadada, libre da tiranía do emprego monótono. ¿Non lles parece?

ORIANA CAMPESE.- Si... (*Condescendente.*)

ELEONORA CAMPESE.- (*Imita.*) Desde logo.

GLADIS DE CARO.- Vostedes saben mellor ca min que o actor é un privilexiado e que non cambiaría a súa actual condición de vida nin sequera por todo o ouro do mundo. ¿Equivócome?

ORIANA CAMPESE.- Non.

GLADIS DE CARO.- O verdadeiro motivo que determina a crise do teatro estriba na ausencia de textos. Ninguén escribe para o teatro. O público xa non se interesa polas comedias dos autores modernos: abúrrese, boquexa. Os espectadores de hoxe ou se atopan diante de obras cheas de «palla», cuxa trama xa se sabe desde o comezo... ou ben, diálogos longos e aburridos, onde aparece a famosa «denuncia» que o autor «comprometido» quere facer pasar por cultura vangardista. ¿Están vostedes de acordo?

ORIANA e ELEONORA CAMPESE.- Si.

GLADIS DE CARO.- (*Dubidando.*) ¿Contestan que si por condescendencia ou por convicción?

ORIANA e ELEONORA CAMPESE.- (*Míranse. Tímidas pero sinceras.*) Por condescendencia.

GLADIS DE CARO.- ¿E por que non din o que pensan?

ELEONORA CAMPESE.- Excelencia, se dicimos o que pensamos vostede enfádase...

ORIANA CAMPESE.- Excelencia, eu vin para pedirlle un favor, unha cortesía que, no momento actual en que me atopo, convértese nunha graza se a súa Excelencia quixese concedermea.

GLADIS DE CARO.- ¿Teme unha oposición pola miña parte?

ORIANA CAMPESE.- Non...

GLADIS DE CARO.- ¡Entón, falen, non teñan pelos na lingua, díganlo todo!

ELEONORA CAMPESE.- ¿De que fala? ¿Dos autores? ¿A nosa opinión sobre os autores de teatro?

GLADIS DE CARO.- Exactamente.

ELEONORA CAMPESE.- Excelencia, na nosa opinión o autor ten medo a escribir, e os Gobernos teñen medo ao que poida dicir un autor cando escribe. (*Pasional.*) É un feito evidente que o teatro ha de ser o espello da vida humana, a reprodución fiel dos costumes e a imaxe palpitante da verdade.

GLADIS DE CARO.- Así que pensan que hai medo. ¿Pero de que, se a censura foi abolida?

ORIANA CAMPESE.- Non, Excelencia, falo doutro medo. Un medo que acompaña á xente de teatro desde que naceu ata hoxe. Os cómicos da arte, os que recitaban os seus textos contra a burguesía, a aristocracia, contra os Gobernos, sempre foron perseguidos, obrigados a fuxir dun país a outro, a miúdo encarcerados...

ELEONORA CAMPESE.- ¡E ata aforcados! En Gran Bretaña debe aínda existir unha corda que acabou coas tribulacións dun Arlequín.

ORIANA CAMPESE.- Excelencia, se non existe a censura, si existe a autocensura espontánea. E o autor de teatro non da ao público a imaxe da verdade...

ELEONORA CAMPESE.- (*Mordaz e condescendente coa Gobernadora.*) Non esaxeres Oriana, que hai verdades que non se poden dicir en teatro.

GLADIS DE CARO.- Pero na produción teatral hai algún que outro traballo digno que tratou temas candentes. Nunca faltou un autor valente.

ORIANA CAMPESE.- ¿Por que o autor ha de ser valente? Se fai falta valor para dicir unha verdade no teatro, iso quere dicir que existe no aire algo que causa medo.

GLADIS DE CARO.- Por sorte! Pola contra cada cal, subiría ao escenario para soltar os seus rancores persoais, para facer chantaxe a esta ou outra institución, ou, se cadra, para facer propaganda política.

ELEONORA CAMPESE.- ¡Así que para a súa Excelencia o medo é necesario! Creo que a súa Excelencia esquece que o público xa é maior de idade e xulga por si mesmo.

ORIANA CAMPESE.- Excelencia, para axudar ao teatro, hai que darlle vida estable e a liberdade de expresarse, pero non vixialo como se fai cun neno deficiente. O público está maduro, quere o seu autor, o que lle conta os feitos reais, quen lle fai recoñecerse a si mesmo entre os personaxes da comedia... O autor, entra pola porta do escenario e sae xunto co público, collidos do brazo, pola porta do patio de butacas.

FILOMENA.- (*Entrando.*) ¿Pódese?

GLADIS DE CARO.- Pase, pase.

FILOMENA.- (*Entregando unha folla a De Caro.*) O texto do telegrama para a súa nai. ¿Quere botarlle unha ollada?

GLADIS DE CARO.- (*Lendo mentalmente o texto.*) Si, está ben.

FILOMENA.- Mandareino inmediatamente.

GLADIS DE CARO.- Chame ao garda para que leve esta bandexa. (*FILOMENA pulsa o botonciño vermello do aparello.*) Aquí, as nosas actrices entretivéronme falando do teatro, moi interesante.

ORIANA CAMPESE.- Esperamos non tela aburrido.

GLADIS DE CARO.- Todo o contrario; agora, con todo, debería vostede dicirme que tipo de favor queren que eu lles faga, porque xa non me queda máis tempo.

ORIANA CAMPESE.- Verá, excelencia...

GARDA.- (*Desde o interior.*) ¿Pódese?

FILOMENA.- Si. (*Entra o garda.*) Leva esta bandexa, logo tes que enviar este telegrama.

GARDA.- Déamo. (*Colle o texto do telegrama.*) Irá o meu compañeiro. (*Sae.*)

GLADIS DE CARO.- (*Dirixíndose ás irmás Campese.*) ¿Entón?

ORIANA CAMPESE.- Tras o incendio do «Campanone» escribín unha carta a un compañeiro, propietario tamén dun teatro itinerante que sempre me propuxo formar unha soa compañía. Estou esperando a resposta que sen dúbida será favorable. O drama estriba nos gastos de desprazamento. ¿Como imos reunirmos co outro grupo?

GLADIS DE CARO.- ¿Onde se atopa?

ORIANA CAMPESE.- Na outra punta do país.

GLADIS DE CARO.- ¡Cantas persoas integran o seu grupo?

ORIANA CAMPESE.- Somos oito, nove co meu netiño, fillo da miña filla, e que naceu hai cinco días.

GLADIS DE CARO.- ¿É que naceu no pobo?

ELEONORA CAMPESE.- Si, Excelencia. ¡É un impaciente por saír a escena!.. *(A Gobernadora non sorrí ao comentario.)*

GLADIS DE CARO.- *(Dirixíndose a FILOMENA.)* Hai que facer algo.

FILOMENA.- Desde logo. *(Colle papel e lapis.)* ¿Vostede como se chama?

ORIANA CAMPESE.- Oriana Cámpese.

FILOMENA.- ¿Ten un documento?

ORIANA CAMPESE.- Teño o carné do sindicato e o de identidade.

FILOMENA.- Déame o de identidade.

ORIANA CAMPESE.- *(Dállo.)* Aquí ten.

FILOMENA.- *(Escribindo nunha folla os datos de Oriana Campese.)* Leva moi ben a súa idade.

ORIANA CAMPESE.- Non me queixo, grazas.

FILOMENA.- *(Devólvelle o documento.)* Tome. ¿Cando queren marcharse?

ORIANA CAMPESE.- Non o sei; estou esperando unha carta.

GLADIS DE CARO.- *(A Filomena.)* Deixa a data en branco. Que a poña ela o día que marchen.

FILOMENA.- Agora prepárolle, como se di... un pase especial.

GLADIS DE CARO.- A “autorización”.

FILOMENA.- Iso é, a autorización para desprazarse en trens directos. *(Logo dirixíndose a De Caro.)* ¿Segunda clase?

GLADIS DE CARO.- Claro.

FILOMENA.- Prepároa en seguida para a firma. *(Sae rapidamente.)*

GLADIS DE CARO.- Ben, poden esperar na antesala. *(Levántase como para despedirse das irmás Campese.)*

ORIANA CAMPESE.- *(Tamén se levanta.)* Excelencia, pero eu non vin para pedirlle a viaxe gratis. Con sacrificio e co noso traballo sempre liquidamos os gastos de transporte do «Campanone»

GLADIS DE CARO.- *(Impaciente.)* Irmás Campese, ¿que queren entón? Déanse présa, non me fagan perder tempo.

ORIANA CAMPESE.- Montamos un traballo novo, escrito polo meu fillo e Gualdo, o meu xenro: «Ollo no ollo da fechadura». En lugar de contar un só feito, que ás veces se prolonga durante tres actos, pensaron en contar quince, brevemente, independentes un do outro.

ELEONORA CAMPESE.- Son quince casos inusuais que ao final da representación danlle ao público a impresión de sorprenden a intimidade de quince familias a través do «Ollo da fechadura»...

GLADIS DE CARO.- *(Non moi sincera.)* Ah, moi interesante.

ORIANA CAMPESE.- Somos oito, máis ben sete, porque a miña filla aínda non poderá traballar.

GLADIS DE CARO.- Entendo, o pequeno necesita coidados...

ORIANA CAMPESE.- Si, pero conseguimos igualmente presentarlle ao público corenta e dous personaxes...

ELEONORA CAMPESE.- (*Apaixonada.*) Excelencia, cada un de nós ten de doce a quince traxes de escena. Maquillámonos, alternamos as voces, facémonos gordos, fracos, chepudos... salvamos a caixa dos postizos... e en só dúas horas de espectáculo.

ORIANA CAMPESE.- Como ve, levámolo no sangue..., o animalíño!

GLADIS DE CARO.- ¿Entón que queren?

ORIANA CAMPESE.- Se a súa Excelencia quixese honrar coa súa presenza a función de mañá pola noite, a miña compañía e eu quedariámoslle eternamente agradecidos. Só o cartel impactaría no pobo: «Asistirá a máxima autoridade, A Excelentísima Señora Gobernadora Civil». Desde o escenario diríalle unhas palabras de agradecemento...

GLADIS DE CARO.- (*Enfadándose.*) E eu contestaríalle desde o palco...

ORIANA CAMPESE.- Garanto un teatro cheo ata os topes. Así marcharémonos co noso propio diñeiro...

GLADIS DE CARO.- Oriana Campese, vostede está tola. Decateime da tolemia de ambas, hai pouco, mentres me estaban falando acerca dos problemas do teatro. Márchense e confórmense co que lles digo. Teño responsabilidades, teño que pensar en asuntos serios que competen ao meu departamento; non teño tempo para presenciar os seus... (*Párase a tempo, logo conclúe.*) Si..., as súas representacións.

ORIANA CAMPESE.- ¿Quería dicir outra cousa, Excelencia? ¡Dígao!

GLADIS DE CARO.- (*Saltando.*) ¡As súas pallasadas! ¿Vale? ¿Satisfeitas?

ELEONORA CAMPESE.- Pero se non son pallasadas. Trátase de feitos reais, casos crueis, tráxicos, grotescos, que sucederon de verdade, recollidos e anotados por Gualdo e Filippo ao longo das nosas xiras...

GLADIS DE CARO.- Miñas queridas cómicas, a cada hora do día estou en contacto coa verdade. Non se esquezan de que están vostedes diante da Gobernadora Civil. Non necesito mirar polo ollo da fechadura.

ORIANA CAMPESE.- Entendo. Cóntanse por centos os casos humanos que hai que resolver, que pasan polas súas mans, pero neste mundo son millóns os «ollos das fechaduras». E os quince do meu espectáculo poderían serlle de utilidade ás autoridades.

GLADIS DE CARO.- Oriana e Eleonora Campese, ¿saben que teñen que irse porque a miña paciencia estase esgotando?

FILOMENA.- (*Entra co pase.*) ¿Que pasa? (*Pon a folla diante de De Caro para a firma.*)

GLADIS DE CARO.- Non teño nin tempo nin ganas de ir ao teatro. (*Firma.*) Teñan o seu pase e boa sorte.

ORIANA CAMPESE.- ¡Eu non vin pedir esmola!

GLADIS DE CARO.- ¡Saian inmediatamente! Filomena, sáqueme do medio a estas señoras.

FILOMENA.- Váianse.

ELEONORA CAMPESE.- Non merezo que me boten fora porque non ofendín a ninguén, nin moito menos á Señora Gobernadora Civil.

GLADIS DE CARO.- Pero tiveron o atrevemento de insultarme, propóndome que fose ao teatro para servirilles de cebo...

ORIANA CAMPESE.- Non, Excelencia...

GLADIS DE CARO.- (*Autoritaria.*) ¡Cale! (*Dirixíndose a FILOMENA.*) Non deixaron de falar, enchéronme a cabeza de parvadas; sentenciando, sermoneando... limitábase a facer o histrión no seu teatro e non aquí.

FILOMENA.- (*Recolle da mesa a folla asinada e dálla a Campese.*) Márchese. Este é o pase.

ORIANA CAMPESE.- (*Ao ler a folla dáse conta de que FILOMENA, coa présa, equivocouse e deulle a lista das persoas que pediran audiencia á súa Excelencia.*) Non se enfade, Excelencia, ímonos. A súa Excelencia terá moito que facer. Dentro dun par de horas, naquela cadeira que hai pouco tiven a honra de ocupar eu, sentarán por quenda (*consultando furtivamente a folla que ten na man*) un médico rural, un cura... unha mestra de escola...

FILOMENA.- ¿Por que, ten algo que obxectar?

ORIANA CAMPESE.- Non, comprendo que todas esas persoas virán pedir consellos, consolos, axudas,... (*como fulgurado por unha idea que se lle acaba de ocorrer.*) ¿E se nesa cadeira, Excelencia, viñesen sentar tamén os meus actores?

GLADIS DE CARO.- (*Enfádase e berra.*) Oriana Campese, non me moleste máis. Se se presenta un dos seus cómicos, botareino.

ORIANA CAMPESE.- ¿E como podería recoñecelo? Nós sabemos finxir á perfección... salvamos a caixa dos postizos e xa non somos aqueles histrións que improvisaban na comedia da arte, xa aprendemos a interpretar con arte a comedia.

GLADIS DE CARO.- O primeiro saltimbanqui, cómico, ou colega seu que se atreva a presentarse no meu despacho, será detido.

ELEONORA CAMPESE.- Non o recoñecería Excelencia, e correría o risco de pór á sombra a un cidadán auténtico.

GLADIS DE CARO.- Pois, envíeos a «Personaxes en busca de autor», alí serán moi ben recibidos...

ORIANA CAMPESE.- Non, Excelencia. Pirandello non ten nada que ver. Se tomo a decisión de enviar aquí aos meus actores, fareino para establecer se o teatro leva a cabo ou non unha función útil para o seu propio país. Non van ser personaxes en «busca de autor», senón actores en busca de autoridade. Ímonos, Excelencia, que teña un bo día e cóidese. (*Saen.*)

GLADIS DE CARO.- ¡É unha tolemia! Recibinas porque pensaba que un actor é case sempre un tipo raro que che fai pasar media hora divertida, desenfadada. Esta é unha fanática... (*Mirando sobre a mesa, distraidamente, ve o pase.*) Non colleron o pase... Vaia dignidade...

FILOMENA.- Pero cando saíron, o pase tiña unha na man.

GLADIS DE CARO.- Pero se é este... (*ensínallo.*) colleu da mesa outra folla.

FILOMENA.- Non a colleu, recordo moi ben que lla din eu.

GLADIS DE CARO.- (*Mira outra vez encima da mesa, logo comprende.*) Filomena, vostede entregou a esa cómica a lista das persoas a quen teño que recibir.

FILOMENA.- ¡Non!

GLADIS DE CARO.- ¿Como que non? Así foi... ¡claro que si! (*Xuntas miran detidamente sobre a mesa, no chan, pero non atopan nada.*) ¡Maldición!

FILOMENA.- ¡Teño outra copia!

GLADIS DE CARO.- ¡Impórtame un carallo! (*Aperta o botón vermello do aparello.*) ¿E se esa condenada me envía aos seus actores e actrices?

FILOMENA.- Excelencia, son cómicos; non se atreverán a facelo, corren o risco de acabar entre reixas, e ademais aos cómicos recoñéceselles en seguida.

GARDA.- *(Desde o interior.)* ¿Pódese?

GLADIS DE CARO.- ¡Adiante!

GARDA.- *(Entrando.)* ¿Excelencia?

GLADIS DE CARO.- Dentro dun par de horas teño que recibir a unhas persoas. Debes dicirlle ao teu compañeiro, o que coñece a todo o mundo no pobo, que non se mova do Goberno Civil e que veña ao meu despacho co primeiro que chegue.

GARDA.- O meu compañeiro colleu a moto e foise ao lugar do desastre desta noite. Veu un correndo a dicirlle que entre os feridos hai un tío seu que viaxaba no tren. *(De Caro e FILOMENA intercambian unha mirada chea de significado.)* ¿Podo irme, Excelencia?

GLADIS DE CARO.- Si, vaite.

GARDA.- Co seu permiso. *(Sae.)*

GLADIS DE CARO.- *(Pasea moi nerviosa e fala consigo mesma.)* Camúflanse, transfórmanse... salvaron a caixa dos postizos... ¡cambian as voces!

FILOMENA.- ¿Quen?

GLADIS DE CARO.- *(Furiosa e con desprezo.)* ¡Os cómicos!

ESCURO.... TRANSICIÓN.....ACTO SEGUNDO

SEGUNDA PARTE

O mesmo decorado. pasaron unhas horas desde que as irmás Campese saíron do despacho da Gobernadora Civil. Gladis de Caro e Filomena están no centro da habitación e miran con ansia, e cheas de sospeita, a porta de entrada.

GLADIS DE CARO.- *(Tras unha longa pausa.)* ¿Entón está de acordo comigo?

FILOMENA.- Estou excelencia.

GLADIS DE CARO.- Pero, como se puido atrever...

FILOMENA.- Estou convencida de que a persoa que está esperando alí *(indica a antesala)*, non é Quinto Bassetti, o médico do pobo, senón un saltimbanqui do «Campannone».

GLADIS DE CARO.- Pero as Campese fóronse hai tres horas. ¿Como puideron en tan pouco tempo organizar unha pallasada similar?

FILOMENA.- Para os cómicos, tres horas son máis que suficientes para transformarse. Nin eu nin vostede estamos en condicións de establecer se quen está aí fora é verdadeiramente o médico do pobo ou un actor.

GLADIS DE CARO.- Pero, ¿vostede ten sospeitas?

FILOMENA.- Desde logo. Quixo ir por diante ao seu despacho dicindo que coñecía moi ben o Goberno Civil porque viñera aquí unha chea de veces e... ¡meteuse nun trasteiro!

GLADIS DE CARO.- Espere. *(Aperta o botón vermello do aparello.)* E cando se atopou no trasteiro, ¿que dixo?

FILOMENA.- Nada. Riuse coma se quixese dicir: «Vaia, equivoqueime».

GLADIS DE CARO.- Se verdadeiramente coñece o Goberno Civil verémolo en seguida. Colla esta cadeira *(indica a que está diante do escritorio.)* Póñaa alí. *(Indica o lado oposto da habitación. FILOMENA coloca a cadeira no lugar indicado por De Caro.)* Agora movo esta. *(Traslada a súa cadeira de brazos e colócaa fronte á cadeira trasladada por FILOMENA.)*

GARDA.- *(Desde o interior.)* ¿Pódese?

GLADIS DE CARO.- Pasa.

GARDA.- *(Entrando.)* Mande.

GLADIS DE CARO.- É preciso mover o escritorio.

GARDA.- Si, Excelencia. *(Achégase ao escritorio.)*

GLADIS DE CARO.- *(Dirixíndose a FILOMENA.)* Axúdelle, teña a bondade.

FILOMENA.- Por suposto. *(Axuda ao garda a levantar o escritorio.)*

GLADIS DE CARO.- Póñano aquí. *(Indica o sitio de antes, entre a cadeira e a cadeira de brazos.)* Moi ben, así. *(Toma asento detrás do escritorio.)* Veronesi, o Señor Quinto Bassetti está agardando fora. Fágao pasar.

GARDA.- Si, Excelencia. *(Sae.)*

GLADIS DE CARO.- Fágao entrar sen precisar un lugar exacto.

FILOMENA.- *(Sorrindo.)* Entendín, Excelencia.

QUINTO.- *(Desde o interior.)* ¿Pódese?

FILOMENA.- Pase.

QUINTO.- *(Entrando.)* Bos días.

FILOMENA.- Bos días. *(Crava a mirada no novo personaxe e queda esperando para ver cara a que punto da habitación moverá os seus pasos.)*

O médico non parece desorientado polo cambio. Diríxese directamente e con seguridade cara ao escritorio e párase diante da súa Excelencia. De Caro e Filomena intercambian miradas, coma se quixesen dicir: se esta persoa fose o auténtico médico, daría uns pasos, aínda que poucos, cara ao lugar no que sabía que atoparía o escritorio.

GLADIS DE CARO.- *(Cun sorriso irónico.)* ¿Vostede quen é?

QUINTO.- Quinto Bassetti, o médico rural.

GLADIS DE CARO.- *(Indicando a cadeira.)* Sente.

QUINTO.- Grazas. *(senta.)*

Prodúcese unha pausa durante a cal De Caro examina detidamente ao personaxe. Bassetti aparenta uns trinta e cinco anos, delgado. Ten a fronte rodeada por unha masa de pelo enmarañado e precozmente canoso. Os seus ollos son brillantes e penetrantes pero afundidos e queimados polo soño. Leva unha indumentaria descoidada e esaxerada.

GLADIS DE CARO.- Díciame a secretaria do Gabinete, que non é a primeira vez que vén ao Goberno Civil.

QUINTO.- Levo dez anos no pobo, e atópome na miña casa en todas partes. E aquí, ultimamente, viña todas as tardes.

GLADIS DE CARO.- ¿Si?

QUINTO.- O Gobernador que acaba de marchar é da mesma zona ca min. Charlabamos, recordabamos vellas amizades, xogabamos ás cartas... aquí neste lugar.

GLADIS DE CARO.- *(Sospeitando.)* ¿Neste lugar?

QUINTO.- Encima desta mesa, un fronte ao outro, como agora.

GLADIS DE CARO.- Mire, doutor, o sitio do señor Gobernador era ese. *(Indica o punto en que estaba situada a mesa antes de ser desprazada.)*

QUINTO.- Si, cando vin por primeira vez hai dez anos, o sitio era ese; pero o meu amigo escolleu este porque dicía que así cando se abre a porta, os que están fora esperando non o vían. Antes de marcharse, hai tres días, fixo que o colocasen outra vez onde estaba antes.

GLADIS DE CARO.- Ah, claro.

FILOMENA.- Claro.

GLADIS DE CARO.- Perdoe, pero cando entrou sabía que a mesa volvera ao seu sitio. ¿Por que non dubidou nin un instante?

QUINTO.- Díxome o garda: «movemos a mesa» .

GLADIS DE CARO.- *(Decepcionado.)* Entendo.

QUINTO.- Excelencia, vin para presentar os meus respectos á súa distinguida persoa, desexarlle unha feliz estancia neste pobo, e pór á súa disposición a miña modesta actividade de médico.

GLADIS DE CARO.- Grazas, moi amable. ¿E a saúde pública que tal vai?

QUINTA.- Esa vai ben, demasiado ben, canto máis mellora a saúde pública, máis empeora a miña, Excelencia.

GLADIS DE CARO.- ¿Pero vostede non cobra un soldo do Concello?

QUINTO.- Claro que si. Economicamente non me queixo, ben ou mal consigo sobrevivir. A traxedia é outra.

GLADIS DE CARO.- Traxedia?

QUINTO.- Si, unha auténtica traxedia.

GLADIS DE CARO.- Se podo axudalo.

QUINTO.- Por suposto que pode. Seguindo o consello do seu colega, o meu paisano que acaba de marchar, preparei un informe detallado sobre o meu caso e entregueillo.

FILOMENA.- Botei unha ollada a todos os expedientes en tramitación, pero un informe como o que vostede di non o atopei.

GLADIS DE CARO.- (*Dirixíndose a FILOMENA.*) ¿Non está?

FILOMENA.- Non, Excelencia.

QUINTO.- ¿Nin sequera unhas notas?

FILOMENA.- Nada.

QUINTO.- E, con todo, o seu colega aseguroume que informaría á súa Excelencia da miña instancia.

GLADIS DE CARO.- (*Dirixíndose a FILOMENA.*) Mire mellor entre os expedientes.

QUINTO.- Trátase de once folios escritos a máquina, cada folio leva a miña firma, Quinto Bassetti.

FILOMENA.- Mirarei mellor. Descúlpenme. (*Sae.*)

GLADIS DE CARO.- ¿E que pedía na súa instancia?

QUINTO.- Excelencia, podo soportar as responsabilidades... Pero quero tamén o mérito á miña capacidade, o recoñecemento moral ao froito dunha mocidade sacrificada sobre os libros. Quero o premio xusto que me é debido cando consigo salvar un caso grave. Non é vaidade, Excelencia, senón facer valer ante a opinión pública a figura do médico, mostrar a súa auténtica dignidade profesional.

GLADIS DE CARO.- (*Alusivo.*) Non quererá falar-me da necesidade de incluír á figura do médico na cartilla escolar.

QUINTO.- Non entendo.

GLADIS DE CARO.- (*Para si.*) Son eu a que quere comprender mellor... Mire, os médicos gozan do pleno recoñecemento dos seus dereitos por parte do Estado e da incondicional consideración do cidadán.

QUINTO.- Estou de acordo, pero no meu informe quixen sinalar un caso illado, o meu caso. Un caso absurdo, que se iniciou aos catro ou cinco meses da miña chegada ao pobo e que logo foi aumentando ata converterse en algo máis grande que o pobo mesmo. ¡E eu por baixo! Debaixo das tendas, debaixo das casas, debaixo dos palacios, debaixo da igrexa, debaixo do campo, debaixo das árbores... debaixo, debaixo, debaixo... esmagado como un verme!

GLADIS DE CARO.- Paréceme que está vostede trastornado: acougue.

QUINTO.- Perdóeme, Excelencia,... ¿Coñece vostede o pobo?

GLADIS DE CARO.- Aínda non, pero penso visitalo pronto.

QUINTO.- Vaia á praza: á dereita, ao fondo, hai unha capela cun Cristo. Un Cristo enorme, desproporcionado para a casucha onde está colocado. Se un vai á praza, o único que ve é ao Cristo. As fiestras, os balcóns, as tendas, os postos nos días de feira,... desaparecen; todo

desaparece. O Cristo domina. Desde a miña fiestra véxoo todo recuberto de ouro e prata. Na capela xa non queda sitio para colgar tan valiosos exvotos, obsequios e ofrendas de toda clase: colares, pulseiras, aneis...

GLADIS DE CARO.- ¿É un Cristo milagroso?

QUINTO.- (*Cunha aceno amarga na boca.*) Cando no pobo hai un enfermo grave, un caso urxente que resolver, entón acoden a min. De día, de noite, ao amencer: a hora non conta...: «¡Doutor! Doutor Bassetti... A miña muller, o meu fillo, a miña nai...», e Bassetti corre, Bassetti sobe polas montañas coa neve así de alta, entra nas casas, nos tugurios, senta sobre un canastro fedorento e ponse a buscar entre os farrapos o abdome brando dun corpo escuálido, murcho, palpándoo todo ao redor, desde o bazo ao figado, coas súas mans! (*Ensinando as mans abertas.*) ¡Con estas mans! E en seguida despois lávoas, dúas, tres veces e ata catro, pero a sensación desagradable daquel contacto permanece a flor de pel e reaparece a cada hora do día ... Hai uns meses, unha nena de cinco anos morreu entre os meus brazos... chamáronme tarde: ¡difteria! Pero xa non había nada que facer... xa era un cadáver. O pano caeu antes do previsto e demasiado bruscamente.

GLADIS DE CARO.- (*Aliviado pola frase conclusiva de Bassetti, á que atribúe o significado real.*) ¡Ah, iso é! Comprendo ¿E a xente?

QUINTO.- Todos sentados, quedos, como paralizados e en silencio. Logo empezaron os que estaban de pé... tamén había xente de pé.

GLADIS DE CARO.- Xa... xente sentada e xente de pe.

QUINTO.- Empezaron a mirarse á cara preguntando: «Pero, ¿acabouse?» «¿Xa se acabou?» «¡Non!» «¡Si!» «¡Si, si, acabouse!» E entón uns berros bestiais: «¡Bufón!» «¡Pallaso» «¡Pallaso ti e todos os teus colegas!» «¡Interpretades o voso papel de memoria, pero sodes uns asasinos!» Botáronse sobre min como unhas feras. «Estou perdido», dixen, miro ao meu ao redor e nun segundo saio pola porta...

GLADIS DE CARO.- ¿Do escenario?

QUINTO.- ¿Que escenario?

GLADIS DE CARO.- Do «Campannone» .

QUINTO.- ¿Do «Campannone»? Era unha especie de choza, un tugurio, como lle dixeran, pero non un «Campannone». Fuxo e métome na miña casa. Nunha cidade grande, tras un fracaso, podes esconderte facilmente; pero nun pobo pequeno, en seguida te pescan. Efectivamente, ao cuarto de hora un grupo de veciños colocouse debaixo da miña fiestra e empezaron a asubiar.

GLADIS DE CARO.- ¡De verdade!

QUINTO.- Ao cabo de media hora a praza enteira gritaba contra a miña fiestra. «¡A nena non debía morrer!» «¿Por que a fixeches morrer?» «¡Fala!» «¡Asoma!»

GLADIS DE CARO.- Tolérase a morte dun ancián, pero a dunha nena nunca se acepta. A xente prefíre o final feliz.

QUINTO.- Pero cantos casos tráxicos, desesperados, solucionei de forma brillante. Iso lles dixeran desde a fiestra. Abro e asómome. «¡Aquí me tedes, berrádeme á cara o que queirades, falade!» «¡Fixeches que morrese á nena» «¿E a cantos salvei en dez anos?: Mirade alá...» Alongando o brazo indica a capela. Todo o mundo se volve cara a ese lado. «¡Alí está o "Curriculum vitae" da actividade médica de Quinto Bassetti. Toda a miña clientela convertida en anacos de ouro e de prata e con pedras preciosas incrustadas. Hai unha barriga de prata cun rubí no centro. É a barriga da esposa do notario. Tiña un tumor dentro, dixeranllo eu, e puido librarse del no quirófano... Logo hai un corazón de ouro, o do carteiro. Estaba preto da morte, o seu corazón non

aguantaba máis. ¿Quen conseguiu que ese corazón volvese latexar cunha inxección de adrenalina no ventrículo dereito? Contade todas as pezas de ouro e de prata que hai alí dentro: os brazos, as pernas, as coxas, os pés, as mans.. A suma é o total do que gañei en dez anos. Se a cantidade vos parece xusta, significa que a vosa vida e a dos vosos fillos o valen.» Un instante de silencio. O espectáculo acabara. Pero, de repente, estalou un estrondoso aplauso. «¡Bravo» «¡Ben!», non o podía crer, parecía un soño. Dei as grazas catro ou cinco veces. O entusiasmo daquelas persoas fíxome chorar toda a noite.

GLADIS DE CARO.- Créoo... tras semellante éxito. ¿E, houbo outras representacións?

QUINTO.- ¿Como?

GLADIS DE CARO.- Imaxino que un espectáculo así tería unha continuación.

QUINTO.- Desde logo. Durante tres meses no pobo non se falou doutra cousa. Declarei publicamente que dimitiría de médico rural.

GLADIS DE CARO.- *(Irónico.)* Xa... porque vostede é médico rural...

QUINTO.- Precisamente.

GLADIS DE CARO.- *(Insinuante.)* Quinto Bassetti.

QUINTO.- Iso é.

GLADIS DE CARO.- ¿E quere dimitir?

QUINTO.- Excelencia, escóiteme e considere. Eu son ateo, ateo convencido, pero o meu ateísmo non lle fai dano a ninguén porque o gardo para min. Este é un pobo de xente moi relixiosa e non vou ser eu quen afaste do culto aos veciños. O problema ven cando os veciños lle dan valor de milagre ao que en realidade non é outra cousa que a experiencia dun médico, danando deste xeito os meus intereses morais e económicos. Noutras palabras, Excelencia, cando o paciente cúrase, todo o mérito vai ao Cristo que está na praza. Pero se o paciente morre, a culpa atribúeseme a min. O informe que presentei ao seu debido tempo e que espero non se perda...

GLADIS DE CARO.- Comprendo. Evidentemente, no seu informe, condicionou a posibilidade de reconsiderar a súa decisión de dimitir ao traslado da capela da praza.

QUINTO.- ¡Non, non, iso si que non! Non me atrevín a pedir tanto. Tan drástica decisión causaría malestar no pobo. A miña petición limitase a unha vía intermedia.

FILOMENA.- *(Entrando.)* Excelencia, mirei os expedientes, un por un, folla por folla...

GLADIS DE CARO.- *(Intervén solícita para que FILOMENA entenda cal vai ser a súa liña de conduta.)* E por fin atopou o informe do doutor Bassetti... *(E cun chosco de ollo conségueo.)*

FILOMENA.- *(Que comprendeu.)* Si, tras unha longa procura, finalmente atopeino.

GLADIS DE CARO.- Gárdeo. Lereino máis tarde. *(Dirixíndose a Bassetti.)* Eu direille cal será a vía intermedia. O pobo necesita a un médico como vostede... *(Dirixíndose a Filomena.)* Doutra banda, témonos que facer cargo do seu malestar, consecuencia da ignorancia e a superstición popular. Filomena, tome nota. *(Filomena disponse a tomar nota nun caderno.)* «Ordenanza do Goberno Civil. Todas as xoias, ofrendas e exvotos que os supostos agraciados con milagres encerraron na capela deberán ser recollidos polos propios interesados e trasladados na súa totalidade diante da vivenda do doutor Bassetti para a súa posterior colocación sobre as paredes da mesma» .

QUINTO.- Non, Excelencia. Tamén esta disposición podería xerar desorde no pobo. Sinceramente, non querría ser o responsable dun levantamento popular. A vía intermedia que eu suxiro deixaríame satisfeito á vez que respectaría os intereses da capela. Ao longo de dez anos recollín unha cantidade enorme de cartas, telegramas e tarxetas que enxalzan de xeito comprometido o

éxito das miñas intervencións en casos máis que desesperados. «Débolle a vida!» «¡salvaches ao meu fillo da morte!» «¡Hei bicar a terra que pisas!» Todas declaracións asinadas con nome e apelido. E ademais, cancións inxenuas, poesías, fotografías dedicadas; non faltan diplomas de mérito que me foron concedidos por destacadas personalidades. O propio Bispo escribiu un da súa propia man... Se a súa Excelencia quere que se faga xustiza, debería concederme o permiso de colgar ao redor da porta da miña casa unha parte desas declaracións, decorosamente enmarcadas e colocadas cun orde. Así eu alardeo das miñas certificacións e a capela fai o propio cos seus exvotos..

GLADIS DE CARO.- ¡Concedido! Pode vostede expor todas as cartas e declaracións que queira.

QUINTO.- (*Gozoso.*) ¿De verdade? Estoulle moi agradecido Excelencia.

GLADIS DE CARO.- Filomena, redacte un permiso permanente para esta exposición.

FILOMENA.- Si, Excelencia.

QUINTO.- Traerei todas as cartas. Escolleremos xuntos as que vou exhibir.

GLADIS DE CARO.- Desde logo.

QUINTO.- Grazas outra vez, Excelencia. A súa comprensión devolveume o entusiasmo dos días en que empecei a miña carreira de médico. (*Vai cara á porta da saída, logo volve cara ao escritorio.*) ¿Podo exhibir tamén algúns diplomas?

GLADIS DE CARO.- Pois claro. E se ten algunha medalla...

QUINTO.- Poucas: catro ou cinco. Grazas. (*Sae feliz.*)

GLADIS DE CARO.- Asegúrese de que se foi.

FILOMENA.- (*Mirando máis aló da porta da entrada.*) Correndo: xa desapareceu.

GLADIS DE CARO.- ¡Histrión, bufón!

FILOMENA.- Entre os expedientes, non estaba o informe de que falaba.

GLADIS DE CARO.- É un cómico do «Campannone». A historia que me contou non carecía de certa orixinalidade, pero as miñas obxeccións desconcertábano.

Soa o teléfono.

FILOMENA.- (*Contestando ao teléfono.*) ¿Diga? (*Tras unha breve pausa, cobre coa man o auricular e dirixese a De Caro.*) Chegou o párroco.

GLADIS DE CARO.- ¡Que coincidencia! Sae un e chega o outro. Dígalle que o deixen pasar.

FILOMENA.- (*Ao teléfono.*) Que suba. (*Colga.*)

FILOMENA.- As Campese son astutas. O médico, vaia... Pero disfrazarse de párroco, ir polo pobo e ter o valor de ir ao Goberno Civil... (Soa novamente o teléfono. *FILOMENA contesta.*) ¿Diga! (*Tras unha breve pausa dirixíndose a De Caro.*) O farmacéutico Pica, está na portería.

GLADIS DE CARO.- ¿Como podo falar co párroco e co farmacéutico...? Fale vostede con el.

FILOMENA.- (*Falando ao teléfono.*) Dille que espere dez minutos, logo acompañalo ao meu despacho. (*Colga.*) Este xa chamara antes. Presentou un recurso para conseguir a licenza que lle fora quitada: parece que levaba abusivamente a farmacia.

GLADIS DE CARO.- ¿Abusivamente?

FILOMENA.- Unha historia que se arrastra desde hai anos. O avó deste estaba licenciado, pero tanto o fillo como o neto, o actual farmacéutico, eran só uns auxiliares de boticarios.

GLADIS DE CARO.- Entón, ¿que pretende?

FILOMENA.- Dixo que por fin se licenciou, mentres tanto outro gañou a oposición e o Gobernador Civil que marchou concedelle a licenza.

GLADIS DE CARO.- Arránxeo vostede, pero teña coidado porque podería ser outro truco das Campese.

FILOMENA.- Descoide.

PADRE SALVATI.- *(Desde o interior.)* ¿Podo entrar?

FILOMENA.- Pase, pase Padre.

PADRE SALVATI.- *(Entrando.)* A saúde e o ben estean convosco. *(Trátase dun home macizo e barrigudo que xa cumpriu os sesenta. Leva unhas botas embarradas atadas con elásticos vellos. O seu hábito está destinxido e brillante nos cónados e na parte posterior. O alzacolo non é graxento pero tampouco inmaculado. Un dos petos, cheo de castañas asadas avulta un lado da sotana, do outro colga o pico dun pano de cores. En poucas palabras todo el é obvio e banal. Só se podería obxectar que nos detalles, nos matices de todos e cada un dos seus ademáns, do seu modo de expresarse que ás veces raía coa desvergoña pola súa excesiva franqueza, hai unha adherencia tan relevante coa figura clásica dun párroco de pobo que leva á Gobernadora Civil a dubidar e a sospeitar que se trata só dunha meticulosa investigación premeditada e realizada por un cómico do «Campannone» para que trunfen os fins enganosos que Oriana Campese anunciou ameazadora.)* ¿Quen é a Gobernadora? *(queda mirando ás dúas en espera dunha aclaración.)*

GLADIS DE CARO.- Son eu. A Gobernadora son eu.

PADRE SALVATI.- Moi ben, e moito gusto.

GLADIS DE CARO.- O gusto é meu.

Apertón de mans.

PADRE SALVATI.- *(Indicando a Filomena.)* ¿E ela, quen é?

GLADIS DE CARO.- É a miña secretaria.

FILOMENA.- *(Presentándose.)* Filomena Marturano.

PADRE SALVATI.- Moi ben, e moito gusto, a vostede tamén.

FILOMENA.- Sente, Padre.

Toman asento Salvati e De Caro.

PADRE SALVATI.- Hoxe vai frío, pero non menos ca onte.

FILOMENA.- A noite pasada xeaba, pero acendemos a cheminea.

PADRE SALVATI.- Eu loito contra o frío coas castañas. Compro certa cantidade, póñoas no peto, e así teño a calor necesaria para ir tirando unha media xornada. Hai un vendedor, na esquina da igrexa, que mas dá nada máis sacalas do lume. De cando en vez como unha: as outras sérvenme de radiador. Hai dez minutos comprei estas. *(Saca do peto un puñado de castañas e ensínallelas ás dúas.)* Se gustan... están no seu punto. *(Vainas pasando dunha man a outra para non abrasarse.)*

GLADIS DE CARO.- Grazas. *(Colle unha, pero déixaa caer en seguida sobre a mesa e sopra as punta dos dedos.)*

PADRE SALVATI.- *(Que esperaba un pequeno inconveniente, ri de todo corazón pero sen malicia.)* ¡Ah, Ah! Queimouse... ao meu xa non me fan nada. Os meus dedos teñen callos. *(Dirixíndose a Filomena.)* E vostede, ¿non colle unha castaña?

FILOMENA.- *(Estende o pano encima do escritorio.)* Aquí, póñama aquí.

PADRE SALVATI.- ¡Que lista... ah, ah! Si que é lista a secretaria. *(Pon todas as castañas que ten na man no pano.)*

FILOMENA.- Non, non, non... bástame unha.

PADRE SALVATI.- Non se ande con cumpridos, teño o peto cheo. *(Recolle os catro picos do pano e entrega o saquiño a Filomena.)* Pero vostede as castañas vainas comer alá fóra porque necesito falar coa Gobernadora dun asunto moi delicado.

GLADIS DE CARO.- Pero ela é a secretaria do meu gabinete.

PADRE SALVATI.- Eu non teño nin gabinete nin secretaria: fágoo todo eu só. Se logo de falar vostede quere pór ao tanto á súa secretaria do que dixemos, é moi dona de facelo. *(Levántase e arrastra a cadeira cara ao balcón.)* Moléstalle se me poño aquí sentado xunto ao balcón? *(Mentres tanto alcanzou o balcón e antes de que se lle conceda o permiso sentouse case de costas ao escritorio, de forma que pode mirar a rúa a través dos cristais.)* Desde aquí podemos falar o mesmo; namentres podo controlar a entrada da igrexa. *(Mete a súa man no peto, colle unha castaña e empeza a pelala.)*

FILOMENA.- ¿Vou fóra, Excelencia?

GLADIS DE CARO.- Si, pero non se afaste.

FILOMENA.- Descoide. *(Logo, dirixíndose ao Padre Salvati.)* Co seu permiso.

PADRE SALVATI.-Vaia, vaia vostede con Deus. *(Filomena sae. O Padre Salvati morde a castaña mentres empuxa co seu pé detrás dun moble a casca que tirou ao chan facéndoa desaparecer.)* Señora Gobernadora, axudémonos, xuntemos as nosas forzas; se non queremos que un dos escándalos máis soados manche o bo nome do pobo, do mundo católico, das autoridades responsables,... expandíndose dunha punta a outra do país, debemos atopar un medio calquera que poida convencer a Rosetta Carbone de desistir do seu propósito *(come outra castaña e repite o de antes coa casca.)*

GLADIS DE CARO.- ¿Quen é Rosetta Carbone? ¿por que lle preocupa?

PADRE SALVATI.- Non estou preocupado, estou impaciente. Verá, a esta Rosetta Carbone coñecina cando era unha nena así de pequena: ¡un lirio, un xasmín! O seu pai viúvo volveu casar cunha enfermeira. Unha boa muller, pero unha madrastra, á fin e ao cabo. Xente acomodada: Luigi Carbone é titular dunha axencia de transporte, empresa florecente: autocares, camións, furgonetas. A rapariga perde a cabeza por un camioneiro novo, asalariado do seu pai, mozo, casado e con dous fillos. Todo isto confésamo Rosetta Carbone hai agora oito meses. «Filla miña», díxenlle, «comete pecado mortal quen pensa construír a súa propia felicidade destruindo a de outros». «Pero o pecado mortal xa o cometín, padre», díxome Rosetta. «Por iso vin falar con vostede, para que me aconselle. Hai xa un mes que espero a un neno». «Criatura desgraciada, ¿como pensas salvarte agora?» «Non o sei, padre, pero tanto eu como Alberto»... o camioneiro chámase así, «queremos ao neno». «Ti podes telo, pero Alberto xa ten dous. Ti coidarás do teu fillo, protexeralo, sacrificaraste por el, pero se queres que o Señor misericordioso te salve e se digne acollerte entre os seus brazos, como á oveliña descarriada, has de renunciar para sempre ao home con quen pecaches e inducilo a volver ao seo da súa familia lexítima». Bágoas, salucos, pero a rapariga parecía convencida... ¡Comprei vinte ducias de castañas e non comín outra cousa en todo o día! *(Mete a man no peto, saca unha castaña e empeza a comela automaticamente.)* Así, como o fago agora. ¡A única diversión que me pode acougar nos momentos de nervios! ¿Quere unha, Excelencia?

GLADIS DE CARO.- Non, grazas. Siga.

PADRE SALVATI.- Luigi Carbone, ao decatarse do ocorrido, bota da casa á súa filla e despide a Alberto, o camioneiro... Pobreza e fame para Rosetta Carbone. Falei co pai; non houbo nada que facer. Co fondo das esmolos, e un pouco cos meus aforros persoais, á rapariga axúdoa eu como podo. Conseguinte aloxamento na casa dunha pobre muller que puxo á súa disposición un cuartucho. Unha rapariga que é unha flor, ¡vinte e tres anos! Se vostede a vise agora, parece unha muller de corenta. E desde hai dous ou tres meses Rosetta Carbone converteuse nun diaño; pregoa a todo o mundo a súa culpa; rise e non se preocupa da barriga que lle foi crecendo; con palabrotas indicibles provoca a quen atopa pola rúa: «Aquí está o bandullo de Rosetta Carbone, leva dentro ao fillo da culpa. Matádeo agora dunha patada, non esperedes para facelo a que se faga un home porque cando teña uso de razón é posible que sexa el quen vos de as patadas a vós».

GLADIS DE CARO.- ¿Volveuse tola? ¿Como se produciu este cambio?

PADRE SALVATI.- A situación é complexa: por unha banda o estado anormal en que se atopa unha muller nas súas condicións, polo outro, a visión trágica do porvir, e ademais a ignorancia desa bendita muller...

GLADIS DE CARO.- ¿Quen?

PADRE SALVATI.- A muller lexítima do camioneiro. Os tres puxéronse de acordo. Teresa, a muller de Alberto manifestou que quería retirarse deixando libre ao seu marido de ir vivir con Rosetta. Díxome, «E non é peor obrigarlle a que quede onde non quere.» . «¡Estúpida!». É unha boa muller, pero é ignorante e primitiva

GLADIS DE CARO.- Será primitiva pero non me parece estúpida.

PADRE SALVATI.- *(Alterado por algo que acaba de ver a través dos cristais mirando cara á igrexa, ponse en pé dun salto exclamando.)* ¡É ela! ¡Perdoe, Excelencia! *(Abre apresuradamente o balcón.)* A entrada principal da igrexa contrólaa Nicola, o sancristán. *(De Caro vai cara ao balcón para decatarse do que está pasando.)* Na entrada lateral coloqueei ao meu irmán Ciccio e a Bartolomeo o tapiceiro. ¿Nicola que fai? ¿Por que non intenta detela?

Mentres os dous miran polo balcón, unha muller nova duns vinte e cinco anos, vestida descoidadamente, miúda, demacrada, de aspecto provinciano pero non vulgar, cos ollos rasgados e a mirada fixa, como atraída por imaxes alucinantes, entra furtiva e atemorizada pola sospeita de que alguén a estea seguindo. Ao notar a presenza dos dous homes, o seu temor aumenta: busca amparo xunto á parede próxima á porta de entrada e acto seguido escóndese debaixo da mesa-escritorio.

Non, non... equivoqueime. Encomiado sexa o Señor, non é ela. *(Volve pechar o balcón e volve sentar.)* ¿Que me dicía, Excelencia?

GLADIS DE CARO.- Falabamos de Teresa, a muller lexítima. Vostede dicía que era estúpida e...

PADRE SALVATI.- Estúpida, cretina e criminal, engado. Fixo crer non sei que a esa pobre de Rosetta, e non o fixo por altruísmo, como quere dar a entender. No pobo todo o mundo sabe da lea que existe entre ela e Guido, un construtor, tamén el, á súa vez, farto da súa muller.

GLADIS DE CARO.- Entendo, entendo... pero non lle dea importancia, padre. Trátase dun pequeno escándalo limitado ao ámbito dun pequeno pobo. Se estivese no seu lugar, padre, deixaríaos cocerse no seu caldo.

PADRE SALVATI.- Pero os tres pretenden o divorcio e a igrexa non o acepta. Se dependese de min, daríallo en seguida... e non só a eses tres, ¡senón a todo o mundo! Se por unha banda os maridos e as mulleres xa non poden soportar a cadea do matrimonio, eu tamén, polo outro, estou farto de encadealos. Cando celebrou un matrimonio, ás veces non teño a impresión de ser sacerdote: ¡senón un ferreiro! Rosetta ameaza cun gran escándalo. A rapariga díxome

textualmente: “¿En canto empecen as dores, entrarei na igrexa ás agachadas e alí lle deixarei o neno?”

GLADIS DE CARO.- ¡Eh, nada menos! Pero logo pensaralo ben.

PADRE SALVATI.- Está tola. Segue dicíndoo e xa non queda tempo; saíu de contas hai dúas semanas e eu estou vivindo horas terribles os últimos quince días.

GLADIS DE CARO.- Querido Padre Salvati, non comprendo por que debería ocuparme deste asunto.

PADRE SALVATI.- ¿Como?

GLADIS DE CARO.- Vostede veu contarme algo moi banal, un suceso de pouca sona, que non ten nada que ver co meu despacho.

PADRE SALVATI.- Se esa desgraciada me deixa ao recen nacido na igrexa, ¿eu que fago con el?

GLADIS DE CARO.- ¿E quere que llo diga eu?

PADRE SALVATI.- ¡Claro! É moi cómodo escorrer o vulto. Un recen nacido nunha igrexa sempre será acollido, iso é verdade, un sacerdote debe ocuparse de todas as almas, pero é o Estado quen ten o deber de intervir no que refire ao “envoltorio”, é dicir a materia, os ósos, a carne. Noutras palabras: eu coido da alma, pero ao recen nacido, cóllo polo embigo e tráíollo aquí, ao Goberno Civil.

GLADIS DE CARO.- De acordo. Farémolles fotografías e os xornais falarán deste ilusorio recen nacido.

PADRE SALVATI.- *(Desorientado.)* ¿Ilusorio? Perdoe, non a comprendo...

GLADIS DE CARO.- *(Intencionadamente serena.)* Pídalle informacións as Campese.

PADRE SALVATI.- ¿Quen? Só lle vou dicir...

GLADIS DE CARO.- ¡Basta! Acabe dunha vez de contar parvadas e váiase coas súas castañas. En só dez minutos converteu o meu despacho nunha corte. «Rosetta Carbone...» «Teresa...» «Guido...»

PADRE SALVATI.- Pídlolle desculpas polas castañas. Se me proporciona unha escoba limparei eu mesmo a habitación.

GLADIS DE CARO.- Non fai falta, pode irse.

PADRE SALVATI.- Claro que me vou. Irei á igrexa e estarei alerta. Farei todo o posible para evitar o peor, pero se Rosetta se sae coa súa... ¿Que vou facer? *(Sae.)*

GLADIS DE CARO.- Se ese é un verdadeiro sacerdote, que me aforquen. *(Volve á súa mesa escritorio e senta. A muller á que vimos entrar pouco antes sae de poutelas do seu agocho eponse de pé. Apoia as mans encima da mesa e móstrase co busto e a cara estendidos cara á súa Excelencia, cravando nos dela os seus ollos implorantes e cheos de bágoas. A inesperada aparición paraliza a De Caro que por un instante queda inmóbil coma se estivese diante dunha imaxe ilusoria. Logoponse en pé dun salto, mecanicamente, pero as pernas non a sosteñen e cae tan longo é sobre a butaca que el mesmo, ao levantarse, fixo retroceder, de lado, sobre o piso. Superada a turbación atopa forza e valor para preguntarlle á muller.)* ¿Quen é vostede? ¿Que quere?

LUCIA.- *(Temblorosa.)* Lucía Petrella, son mestra. Non me bote. Excelencia, axúdeme.

GLADIS DE CARO.- ¿Como foi parar debaixo da miña mesa? Parécelle correcto o seu modo de presentarse?

LUCIA.- Doutro xeito non podería achegarme a vostede. O Gobernador que marchou cominoume a que non volveuse pór pé no Goberno Civil.

GLADIS DE CARO.- As súas razóns tería.

LUCIA.- Tamén eu teño as miñas, pero ninguén me quere escoitar xa. As autoridades están fartas de dicirme que son inocente, pero os demais teñen medo do que sei e do que direi mentres haxa en min un escintileo de conciencia e un fio de alento nos meus pulmóns. *(Cun repentino arrebatado cheo de desesperación e desconsolo.)* ¡Porcos, malditos! Vixíanme: todo o pobo me controla. Espíanme, están ao tanto de cada paso que dou... *(Ponse alerta como que se decata a distancia da presenza de alguén.)* ¡Están aquí, están aquí eses dous malditos! Oíu as súas pisadas... están na antesala... achéganse... *(Aterrorizada grita.)* ¡Non os deixe entrar!

Na entrada aparecen dúas persoas, un home e unha muller que van lentamente cara á mesa-escritorio. O home é forte, macizo, os seus ollos están moi abertos e atentos, unha mirada entre inxenua e rapaz. A muller ten a fronte morena, é de complexión enxoiada pero robusta e sa. Ten as pálpebras entornadas coma se quixese defender a súa mirada que ten cravada no chan. Ambos levan a característica vestimenta dos montañeses.

GLADIS DE CARO.- *(Asustada pola presenza dos recen chegados. Encárase a eles dicíndolles.)* ¡Detédevos! Quen sodes?

LUCIA.- *(Violenta.)* ¡Dous canallas! ¡Dous dexenerados! ¡Dous monstros! *(O home asume unha expresión de bobo: inclina lixeiramente a cabeza e esboza un sorriso de ídolo chinés. O ademán ambiguo do montañés exaspera aínda máis o estado de ánimo de Lucía que se pon ata máis agresiva.)* ¡Non te rías así! ¿Como podes ter aínda a forza de esconder detrás dun sorriso de triunfador as túas mentiras, a túa vergoña? ¡É mellor a túa muller! Miraa, cos ollos cravados no chan.

GLADIS DE CARO.- *(Con autoridade.)* ¡Cale! *(Dirixíndose aos outros dous.)* ¿Quen vos deixou entrar?

O HOME.- *(Con ton doce, calmo, e sempre sorrindo. Exprésase toscamente.)* Excelencia para vostede viñemos, non coñece os feitos, porque é nova no pobo.

GLADIS DE CARO.- *(Irónica.)* ¿E ti queres darnos a coñecer?

LUCIA.- *(Dirixíndose ao montañés.)* ¡Conta, dáte présa! ¡Fala! Protéxete, tamén diante dela *(Sinala a De Caro)* como ti sabes facelo, como fixeches no pobo con todos os bellacos, que saben e calan, escóitante e dinche: «Si, si, todos estamos convencidos da túa inocencia. ¿Lucía Petrella? ¡Pobre filla! ¿A mestra? ¡Pobriña! É unha neurótica, chea de complexos. ¿A túa muller? ¡Unha santa! ¿A túa cuñada? ¡Un lirio!» Isto, con todo, dincho na cara, pero cando te vas fan así: ¡Puá! ¡Cuspen!

A MULLER.- *(Sen levantar a mirada, que segue cravada no chan.)* ¿Por que es tan malvada e te atormentas?

LUCIA.- *(Contestándolle coma se quixese desafiala.)* ¿Cantos fillos tes?

O HOME.- ¿Quen che fixo perder a razón e os sentimentos?

LUCIA.- *(Cada vez máis encolerizada.)* ¿Cantos fillos tes?

O HOME.- *(Tolerante.)* Cinco.

LUCIA.- *(Exasperada, dirixíndose á muller.)* Ti leváchelos no ventre... paríchelos... mellor ca el podes dicir cantos tes: pero tesmo que dicir mirándome á cara.

A MULLER.- *(A muller levanta lentamente as pálpebras, crava os seus ollos fríos nos ansiosos de Lucía, e con voz firme articula nitidamente.)* Cinco *(E recupera outra vez o aspecto ausente de antes.)*

GLADIS DE CARO.- *(Autoritaria á vez que desorientada.)* ¿Que historia é esta? ¿Queren falar claro?

O HOME.- Teño cinco fillos, Excelencia. Conteinos aquí, en presenza do anterior Gobernador: Simone, Lucía, Sabella, Tommaso e Marco. Cinco Fillos.

LUCIA.- ¡Catro! O quinto non é Marco. Señora Gobernadora, cando naceu o verdadeiro Marco, hai agora seis anos, a súa cuñada estaba embarazada del. As dúas irmás deron a luz con poucos días de diferenza a unha da outra, pero só declararon a un dos nenos, ao que naceu do matrimonio; o outro, o bastardo, ocultárono escondéndoo na súa casa nas montañas na que viven xuntas as tres bestas, el e as dúas irmás.

O HOME.- Contas historias que soñaches, ¿pero non te dás conta de que ninguén te cre?

LUCIA.- Seino: ollos mirando ao chan e bocas cosidas. *(Dirixíndose a De Caro.)* As cousas arraxáronas ben. ¿Ela? *(Indicando á muller.)* ¡Unha santa!. ¿El? Pai honrado e marido fiel. ¿A cuñada? casou, ¡«O lirio»! unha virxenciña coa que casar.

GLADIS DE CARO.- *(Empezando a perdela paciencia, intervén enérxica.)* ¡Xa abonda! Se estades interpretando unha comedia, *(Pega un lapote sobre a mesa.)* ¡non haberá nin santos nin virxes que vos libren do cárcere! *(Dirixíndose a Lucía.)* ¿Ti dis que os nenos son seis?

O HOME.- *(Monótono e sempre sorrindo.)* ¡Cinco, Excelencia!

LUCIA.- Convertéronse outra vez en cinco cando puxeron ao sexto no lugar do quinto.

GLADIS DE CARO.- Ao bastardo no lugar do lexítimo?

LUCIA.- *(Precisando.)* No lugar de Marco.

GLADIS DE CARO.- ¿Ti dixeches que aos cinco fillos trouxécheos aquí e contácheos diante do Gobernador?

O HOME.- Si.

LUCIA.- Todas as investigacións policiais, todos os interrogatorios... unha instrución que durou seis meses... todo deu o mesmo resultado; estado de familia en regra, nada contra eles, e eu completamente inocente.

GLADIS DE CARO.- ¿Que queres, entón?

LUCIA.- *(Coa alma desgarrada, grita un nome.)* ¡A Marco! ¡É a Marco a quen quero! ¡Marco xa non está! *(Cobre o rostro coas mans e empeza a chorar a bágoa viva, cada vez máis desesperada e sollozando. Dispónse a contar con todo luxo de detalles e en sentido figurado a traxedia vivida: cae lentamente de xeonllos e estende maternalmente os brazos cara adiante, como para axudar e guiar os pasos tambaleantes dun neno de pouca idade.)* «¡Coidado Marco... o piso está en mal estado... Achégache á pizarra a ler as vocais... ¡non corras! ¡Se tropezas vas golpear a cabeza! *(Severa, apuntando co dedo índice cara a un recuncho da habitación.)* ¿Que fixeches? ¡Mira, mira o que fixeches! ¿Cantas veces che dixen que cando queiras ir ao retrete tes que pedirlle permiso á mestra, levantando o brazo?, ¡Así! *(Realiza o xesto.)* ¿Por que non o fixeches? Esta vez valo a pagar.» *(Dirixíndose a De Caro que intenta levantala.)* Hai que cruzar por un corredor ao aire libre para chegar ao retrete... na habitación onde dou clase vai calor porque o Concello logo de tantas solicitudes, peticións e moito insistir, fixo instalar finalmente unha estufa de leña. Eu trouxen un chal de la e téño a man para tapar aos nenos cando han de pasar por ese corredor. Cando me dou conta de que un deles se axita no taburete, tápoo co chal e eu mesma o acompañoo. ¡Pobres criaturas, treman de frío, aguantan o que poden... e eu con eles! ¡Eu tamén, Excelencia, teño frío nesas malditas habitacións! Pés xeados e mans entumecidas, tanto que non podo suxeitar a pluma cos dedos. «¡Teña paciencia, señorita Petrella: falta o diñeiro, o concello é pobre! A estufa de leña xa a ten, agora imos estudar o modo de pór á súa

disposición uns locais adecuados, máis confortables para a súa dignidade de profesora... ¡Cinco anos escoitando a mesma leira, chácharas que quedan en nada! ¡A verdade é que a ninguén lle importa! Orixinalmente as tres habitacións serviron de cuarteliño e unha delas, a máis pequena, utilizábase como cela de seguridade para os presos. En efecto existe aínda a tarima, o portelo na parte alta cos barrotes, e para entrar hai que empuxar unha porta estreita e baixa, chea de ferrollos oxidados... alí encerrei a Marco para castigalo... *(outra vez o choro impídelle continuar.)*

A MULLER.- Non o encerraches. Crescho, pero é a túa fantasía que cho fai crer...

O HOME.- *Excelencia, o meu fillo tiña febre... Catro quilómetros pola serra e con neve... Non lle mandei á escola esa mañá...*

GLADIS DE CARO.- *(Dirixíndose a Lucía.)* ¿Acórdaste ben de encerrar ao neno?

LUCIA.- *(Entre saloucos.)* E logo esquecinme... Os nenos arman balbordo, unha perde a cabeza... Cando todos se foron, púxenme a corrixir as tarefas dos máis maiorciños. Fóra era case de noite e había moita neve, pero na estufa aínda ardían uns troncos de leña. Entre os cadernos non atopei o de Marco...

O HOME.- Porque esa mañá non o mandei á escola.

A MULLER.- Pobre filla, perdeu a razón.

LUCIA.- Foi entón cando me acordei de que encerrara a Marco. Fun correndo para liberaralo, pero por moito que fíxese... pegando puñadas... patadas,... empuxando cos ombreiros... esa maldita porta quedara bloqueada. Máis patadas... máis puñadas... ¡Os anacos de xeso chovíanme encima, pero a porta parecía esculpida na roca!...

GLADIS DE CARO.- *¿Non podía gritar, pedir axuda?*

LUCIA.- Esas tres habitacións que forman a escola están illadas alá arriba, o coche tarda unha hora e tres cuartos en chegar.

GLADIS DE CARO.- *¿E que pasou?*

LUCIA.- *(Desvalida.)* Non sei... Neste punto xa non me acordo de nada. Non sei cantas horas quedei sen sentido diante da porta.

O HOME.- O brigada fixo así... *(Estende o índice e apóiao sobre unha porta imaxinaria para demostrarlle a De Caro como cedera con facilidade a porta auténtica.)* E a porta abriuse...

LUCIA.- ¡Pero se xa a abrira eu!

GLADIS DE CARO.- *¿Cando?*

LUCIA.- Non o recordo. Dúas horas antes que o Brigada, creo... cando volví en min... Marco choraba, gritaba asustado. *(Como dubidando.)* Claro que todo isto podería ser imaxinación... Os berros dos nenos téñoos aquí, no meu cerebro. Coa forza da desesperación, conseguín abrir a porta cando me dei conta de que Marco xa non contestaba. *(Entre saloucos repite as frases de ánimo que pronunciara co propósito de levantarlle a moral ao raparigo.)* «Se valente, Marco... non temas, pequeno, ¡estou aquí!» Pero el, ¡xa non podía contestarme! Atopeino nun recuncho da cela, teso... o medo e o frío pararan o seu pequeno corazón.

GLADIS DE CARO.- *¿E o Brigada? Cando o Brigada acudiu, supoño que habería unha constatación, un informe dos feitos...*

LUCIA.- Todo é tan confuso. Tiven medo, tremía... tiven medo ao xuízo, á condena, recordo como en soños que tiven entre os meus brazos ao pequeno morto, saqueino fóra e tendino na neve. *(Agora case se fala a si mesma.)* ¿Quen, se non eu, lle fixo o sinal da cruz na fronte? ¿Quen, se non eu, volveuno coller entre os seus brazos e o levou ao alto da montaña?

GLADIS DE CARO.- É absurdo.

O HOME.- Todo é fantasía, Excelencia.

LUCIA.- ¡Quero o xuízo! Quero pagar a miña débeda para sentirme digna. ¡Quero pagar! Aínda que a culpa destes dous delincuentes quede impune.

A MULLER.- Fantasía, todo é fantasía.

LUCIA.- (*Desafiando unha vez máis.*) ¿Cantos fillos tes?

A MULLER.- (*Terca na súa postura.*) Cinco.

O HOME.- Conteinlos diante do Gobernador Civil: Simone, Lucía, Sabella, Tommaso e Marco.

FILOMENA.- (*Entra precipitadamente e diríxese a De Caro.*) Non hai dúbida, Excelencia. O farmacéutico é un actor do «Campannone» .

GLADIS DE CARO.- (*Impaciente.*) Díxenlle que se arranxara vostede soa!

FILOMENA.- Si, excelencia. E podo afirmar que ese impostor disfrazouse de farmacéutico.

GLADIS DE CARO.- (*De súpeto interesado.*) ¿Disfrazouse?

FILOMENA.- Como un cómico, por máis datos. Non lle digo o conto que me meteu. A inxustiza que cometeron con el, o abuso, o seu dereito... finalmente ameazou con suicidarse «¡Voume matar!» e ensinoume unhas pastillas «¡é arsénico!» gritou «¿Que facemos, ídesme a devolver a licenza?» «Non depende de nós», díxenlle.

GLADIS DE CARO.- ¿E el?

FILOMENA.- (*Case divertida.*) Con xesto teatral tragou as pastillas.

GLADIS DE CARO.- (*Preocupada.*) Pero, Filomena...

FILOMENA.-Mire, Excelencia. (*Abre a man e ensina unha pastilla.*) Esta caeu encima da miña mesa; recollina sen que el se dese conta. É unha pastilla de menta (*Chéiraa e faina cheirar a De Caro.*)

GLADIS DE CARO.- ¿E logo, que fixo, marchouse?

FILOMENA.- Nin o soñe. Tombouse no sofá e empezou a representar o papel do moribundo. (*Un ruído gutural e agónico interrompe a escena; todo o mundo se sobresalta e queda un instante sen alento.*) Alí está, Excelencia, é el.

No limiar da porta aparece a trágica figura dun home, coa mirada vidrosa e o corpo rixido, como presa dunha sintomatoloxía provocada pola inxestión de sustancias venenosas. Todo o mundo queda mirando con zozobra a aparición. Lucía, O Home e A Muller recoñeceron a Girolamo Pica. Girolamo, tras deterse uns instantes no limiar avanza inseguro, con pequenos pasos de ballet, como se o chan queimase debaixo dos seus pés, os seus xestos parecen os dunha marioneta, as contraccións da súa cara convértense en acenos grotescos.

A MULLER.- (*Asustada.*) ¡O farmacéutico!

LUCIA.- ¿Doutor Girolamo?

GIROLAMO.- (*Forzando a larinxe, consegue pronunciar unhas frases por vía nasal.*) ¡Que Deus me axude e me perdoe! Os meus fillos..., os meus pobres fillos... (*Avanza cara a De Caro e Filomena.*)

GLADIS DE CARO.- O seu sufrimento parece auténtico.

FILOMENA.- Os actores saben moito, disimulan moi ben.

Girolamo coma se quixese librarse dunha mordaza de aceiro que lle atenaza o corpo, dando bandazos, alcanza a mesa-escritorio detrás da cal De Caro e Filomena gozan da escena.

FILOMENA.- A barba... ¡A barba é postiza! *(Alargando a man tira da barba.)*

GLADIS DE CARO.- *(Imita o xesto de Filomena.)* Non me parece postiza: ¡non se quita!

FILOMENA.- Hai pegamentos moi bos, Excelencia, produtos alemáns... *(Girolamo quere increpalos, maldicilos, pero a morte alcánzaos antes de que poida facelo e derrúbase sobre a mesa cun estrondo que deixa a todo o mundo coa alma en albas. Ata Filomena traga saliva, dúas ou tres veces. O montañés achégase á mesa, mira de cerca ao farmacéutico, logo levántase.)*

O HOME.- *(Tras intercambiar coa súa muller unha mirada chea de significado, afirma turbado.)* Morreu.

FILOMENA.- *(Cun sorriso irónico, case de despeito.)* ¡Non hai nada que dicir, todo perfecto!

LUCIA.- Pero señor... pero... ¡este home está morto!

O HOME.- Saquémolos ao balcón, se cadra recupérase. *(Lucía corre a abrir o balcón. Os dous montañeses arrastran ao farmacéutico ao balcón e tratan de polo de pé: pero Girolamo non se ten, cae pesadamente quedándose coa cabeza cara atrás. Todos os intentos para devolver á vida ao home, lapotes, golpes nas costas, masaxes torácicas, son inútiles.)* ¡Está morto!

GLADIS DE CARO.- *(Saltando.)* ¡Pero como vai estar morto! ¡Todo o mundo dentro! ¡Quiten a ese pallaso do balcón! *(Os dous montañeses levan dentro a Girolamo. Lucía cerra o balcón.)* Deitádeo nese sofá. *(Dirixíndose a Filomena.)* Se se trata de arsénico, vostede vai dereitiña ao cárcere.

FILOMENA.- *(Ensinando outra vez a pastilla.)* Pero se esta é unha pastilla de menta.

GLADIS DE CARO.- Esta si, ¿pero as que el ten no corpo, podería vostede dicirme con exactitude se son de menta ou de arsénico?

FILOMENA.- Sacounas todas xuntas do peto do chaleco.

GLADIS DE CARO.- ¿Parécelle raro que unha pastilla de menta atópese casualmente entre as de arsénico, cando o peto do chaleco que as contiña é o dun farmacéutico?

FILOMENA.- ¿E a vostede Excelencia non lle parece absurdo que xustamente a de menta vaia a parar sobre a miña mesa?

GLADIS DE CARO.- Poida que me pareza diabólico pero non absurdo.

FILOMENA.- ¡Non é máis que unha comedia! ¡Este home está finxindo!

LUCIA.- *(Con acentuado espírito de responsabilidade.)* ¿É que vos volvestes tolos? ¿Dádesvos conta de que estamos diante dun morto? ¿Por que debería finxir? ¿Que sacaría con iso? Confiábame a min as súas penas, cando ía velo á farmacia. Era un home prudente, sabio, xeneroso con todo o mundo.

PADRE SALVATI.- *(Desde o exterior.)* ¡Excelencia!

FILOMENA.- O cura.

PADRE SALVATI.- *(Entra alterado, suorento e xadeante, leva a un recen nacido envolto nunha mantiña de la.)* Señora Gobernadora...

GLADIS DE CARO.- ¿Que hai?

PADRE SALVATI.- ¡A condenada saíuse coa súa! Por fortuna había poucos fregueses na igrexa. De súpeto os choros do recen nacido romperon o silencio. Dei a alerta, buscamos en todas partes,

e atopámolo! ¡Aquí está! ¡Estaba escondido detrás do órgano! (*Colle ao recen nacido e ensinallo a todos os presentes, gritando enfático.*) «¡O envoltorio!» (*Vendo a Girolamo tendido no sofá.*) Pero, ¿ese non é Girolamo Pica?... Claro que é el.

QUINTO.- (*Desde o exterior.*) ¿Pódese? (*Entra levando un enorme feixe de cartas, telegramas, diplomas de mérito.*) Excelencia, aquí está todo o material. Se dispón dun pouco de tempo...

PADRE SALVATI.- A súa Excelencia non ten tempo, ten que solucionar un problema comigo.

GLADIS DE CARO.- (*Grave.*) Señores, aquí hai un morto...

FILOMENA.- Hai un home, Excelencia, que non sabemos se simula estar morto ou está morto de verdade.

O HOME.- Está o doutor Bassetti...

QUINTO.- ¿Pero que pasa?

A MULLER.- Só vostede pode dicirnos se aínda hai esperanza para o pobre farmacéutico.

QUINTO.- ¿Púxose malo? ¡Pobre señor Girolamo! (*Achégase a Girolamo para observalo.*)

GLADIS DE CARO.- (*Impedindo o paso a Bassetti.*) Un momento... ¿está vostede seguro de que é un médico?

QUINTO.- ¿Por que Excelencia, hai alguén que se atreva a dubidar diso? Todo o mundo me coñece. Se non é suficiente levo encima o meu carné de identidade e o profesional. (*Vai decidido cara ao sofá, inclínase sobre o home e obsérvao detidamente. Tras o exame asume un aire sospeitoso cara a todos os presentes. Medita un bo intre sobre a circunstancia, logo declara gravemente.*) Girolamo Pica está morto. Era un home san e robusto, foi paciente meu moitos anos. Non hai dúas horas que o vin na farmacia, no seu posto de traballo, activo coma sempre... Nada nel me fixo supoñer un desenlace tan inminente. Descoñezo as causas do falecemento. O meu deber é o de denunciar ás autoridades competentes, e a vostede Señora Gobernadora, o falecemento de Girolamo Pica, que se produciu en circunstancias misteriosas.

GLADIS DE CARO.- (*Decidido a levar o xogo ata as súas últimas consecuencias.*) Farei que a súa denuncia siga o seu curso. Molestaremos á Maxistratura, aos peritos, os médicos forenses... pode estar tranquilo. ¿Pero quere ou non ensinarme a súa documentación?

LUCIA.- ¡Pero, Excelencia, ao doutor Bassetti coñéceo todo o mundo!

PADRE SALVATI.- ¡Hai anos que o coñecemos!

GLADIS DE CARO.- (*Gritando.*) ¡Caládevos! (*Dirixíndose a Bassetti.*) ¿Entón?

QUINTO.- (*Ensinando o feixe de cartas e telegramas que deixara encima dunha cadeira.*) Aquí está a documentación. Se non lle basta toda esta correspondencia dirixida a min, hai tamén un diploma.

GLADIS DE CARO.- ¿Pero por que non me quere ensinar o seu carné de identidade?

QUINTO.- ¿Que non quero? Pero se eu poño á súa disposición dez carnés e mil documentos de identidade. (*Furga nos petos da súa americana pero non atopa nada; logo, acordándose de algo, golvease a fronte coa man dicindo decepcionado.*) ¡Cambiei de chaqueta!...

ORIANA CAMPESE.- (*Entrando, acompañada da súa irmá Eleonora.*) ¿Pódese?

FILOMENA.- (*Ilumínaselle a cara de esperanza, alarga o índice cara á porta de entrada gritando.*) ¡Mire, Excelencia, chegaron as irmás Campese!

GLADIS DE CARO.- Esperábaas. (*Enfurecida contra Oriana e Eleonora Campese.*) ¿Non puideron resistir ao sentirse excluídas do final da farsa?

ORIANA CAMPESE.- ¿A farsa?

GLADIS DE CARO.- ¡A pallasada! Os teus actores deron todo un recital. El (*Por Quinto.*) foi un médico perfecto; o párroco non se quedou curto; a mestra, excepcional; os montañeses moi bucólicos e o farmacéutico, morreu estupendamente. Mirádeo, alí está. Está esperando que a súa directora lle dea permiso para resucitar.

ELEONORA CAMPESE.- (*Consternada.*) ¡Está morto!

QUINTO.- Excelencia, repítolle que este desgraciado morreu de verdade.

GLADIS DE CARO.- ¡Xa abonda! Oriana Campese, ordénoche que fales e digas a verdade.

LUCIA.- ¿Pero que verdade?

PADRE SALVATI.- Excelencia, ¿pero que está vostede dicindo?

GLADIS DE CARO.- ¡Caládevos! Son elas as que teñen que falar.

ORIANA CAMPESE.- Excelencia, nos vimos para devolverlle esta listas de nomes que me entregou a súa secretaria, equivocándose co pase... ¿Que verdade quere saber de min?

FILOMENA.- Oriana Campese, está vostede xogando con lume. Si este de aquí está morto vostede irá dereitiña ao cárcere.

GLADIS DE CARO.- Falade, confesade que este é un actor do «Campannone».

ELEONORA CAMPESE.- Excelencia, ¿pero que lle importa a vostede se estivo diante dun farmacéutico verdadeiro ou dun farmacéutico falso? Na miña opinión debería ser máis preocupante un morto falso que un morto verdadeiro... Mire, o noso pai dicía que cando un personaxe morre na ficción, significa que existiu un morto verdadeiro nalgún recuncho da terra. O que conta son as circunstancias; hai que estudar detidamente as condicións de vida do ser humano, para poder entender as razóns dos seus actos...

ORIANA CAMPESE.- (*Cortando a explicación de Eleonora.*) Calma Eleonora... Excelencia, esta mañá díxenlle «Vaia ao teatro Excelencia, poña o ollo no "Ollo da fechadura"».

GLADIS DE CARO.- (*Exasperada.*) Pero, aos actores, ¿mandoumos ou non?

ORIANA CAMPESE.- Actores ou non actores, os feitos non cambian. Se considera que os problemas dos que se decatou son de tal alcance que requiren a intervención do Estado, actúe en consecuencia... ¡Vostede é a Gobernadora!

Soa o teléfono

GLADIS DE CARO.- (*Ao aparello.*) Si, son a Gobernadora. Ah, ben ben... moi ben, espera. (*Dirixíndose a Oriana Campese.*) Acaba de volver o Brigada cos seus homes e os seus axentes. Oriana Campese, douche aínda unha posibilidade de salvación: se segues insistindo na túa postura entrégote xunto coa túa irmá aos gardas; se pola contra disme que estes señores son actores do teu «Campannone» e que o farmacéutico é un falso morto, déixovos libres.

ORIANA CAMPESE.- Non, iso, Excelencia, non llo vou a dicir.

GLADIS DE CARO.- ¿Prefíres o cárcere?

ORIANA CAMPESE.- Se ese de alí é un falso morto, ao cárcere vou ir eu coa miña irmá e os meus actores; se é un verdadeiro morto, temo que iremos todos diante do Xuíz.

GLADIS DE CARO.- ¿Ah, si? Quérelo así; ¡Estupendo! (*Falando ao teléfono.*) ¿Portería...? se, sigo sendo eu, a Gobernadora. Diga ao Brigada e os seus axentes que aquí, no meu despacho, ¡en seguida! (*Colga con mal xeito o auricular sobre o aparello.*) ¡Agora non vos salva nin o Padre Eterno! Se a idea de mandarme aos actores quedou só nunha ameaza, a vida do farmacéutico,

xúrocho, Oriana Campese, vala pagar moi cara. ¿Sabes onde irá parar o teu nome e o da túa compañía? A un expediente do Rexistro Penal.

Sen respirar todo o mundo mira cara á porta de entrada. Só Oriana Campese parece como ausente, tranquila.

ORIANA CAMPESE.- ¡Un momento!

GLADIS DE CARO.- *(Iluminándose.)* Ah, ¡finalmente recapacitas!

ORIANA CAMPESE.- Non, Excelencia. Pero debe saber que no vestiario dunha compañía teatral non é difícil atopar un uniforme de Brigada. *(Volto cara á porta.)* ¡Adiante, que pasen!

ESCURO